

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION ORDINARIA DO 30 DE ABRIL DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día trinta de abril do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo

Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria con orde do día do 27 de abril que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constátase quórum e ábrese sesión pública.

PARTE RESOLUTIVA

1.-(71).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 19, 26 E 30/03/12)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas dos Plenos da Corporación correspondentes ás sesións extraordinarias do 19 e do 30 de marzo e ordinaria do 26 de marzo de 2012.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formularon.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.- (72).- DAR CONTA DO ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVO AO CAMBIO DE REPRESENTANTES DO DEVANDITO GRUPO NAS DIFERENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS. REX. 451/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de abril, número 451/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular

comunica os membros do devandito grupo que formarán parte das diferentes comisións informativas do Concello.

Por escrito de data 18 de abril el secretario xeral do Pleno informa o que segue:

“Na sesión organizativa do Pleno do Concello de Vigo realizada en data do 8 de xullo de 2011, acordouse o numero e composición das comisións informativas do Pleno. Neste sentido estableceuse que o numero de comisións fose de sete e que estiveran integradas, ademais de polo Alcalde como presidente nato, por 9 membros, dos cales 4 representarían oa grupo político municipal do Partido Popular (PP); 4 ao grupo político municipal Socialista (PSdeG-PSOE) e 1 ao grupo político municipal do BNG. No mesmo acordo se instaba aos distintos voceiros a designación dos membros do seu grupo.

En data do 12.07.2011 constituíronse as diferentes comisións informativas que procederon a propoñer ao presidente nato (Alcalde) o presidente efectivo da comisión.

Mediante escrito de data 16 de abril, o voceiro do grupo político municipal do PP remite escrito a esta Secretaría Xeral do Pleno no que comunica os novos representantes do grupo en cada unha das comisións.

Sendo as comisións órganos complementarios do propio Pleno, artigo 122.3 da LBRL, e podendo este delegar determinadas competencias nelas, procede que mediante o presente escrito o Pleno tome coñecemento directamente das designacións realizadas.

Comisión de Xestión municipal e Mobilidade

Titulares:

- José Luis Álvarez Pérez
- Marcos Araújo Pereira
- Pablo Beiro Diz
- Marta Iglesias Bueno

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

Comisión de Fomento

Titulares:

- Alexia Alonso Alonso
- Miguel Fidalgo Iglesias
- Marta Iglesias Bueno
- Antonio Bernárdez de Dios

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

Comisión de Emprego e Participación Cidadá

Titulares:

- Teresa Cendón Alonso
- Teresa Egerique Mosquera

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

- Marta Iglesias Bueno
- María Ángeles García Míguez

Comisión de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade

Titulares:

- Marcos Araújo Pereira
- María Ángeles García Míguez
- Alejandro Pérez Davila
- Marta Iglesias Bueno

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

Comisión de Economía, Facenda e Educación

Titulares:

- Roberto Relova Quinteiro
- Miguel Fidalgo Iglesias
- Marta Iglesias Bueno
- Antonio Bernárdez de Dios

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

Comisión de Industria, Comercio, Turismo e Pymes

Titulares:

- Miguel Fidalgo Iglesias
- José Luis Álvarez Pérez
- Marta Iglesias Bueno
- Alexia Alonso Alonso

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

Comisión de Política Social, Cultura e Deporte

Titulares:

- Roberto Relova Quinteiro
- Teresa Cendón Alonso
- Marta Iglesias Bueno
- Pablo Beiro Diz

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

Comisión de Vixilancia da Contratación (art. 55 Regulamento Orgánico do Pleno)

Titulares:

- Alejandro Pérez Davila
- Teresa Egerique Mosquera
- Marta Iglesias Bueno
- Antonio Bernárdez de Dios

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

Comisión de Seguimento (art. 56 Regulamento Orgánico do Pleno)

Titulares:

- Roberto Relova Quinteiro
- Teresa Egerique Mosquera
- Marta Iglesias Bueno

Suplentes:

O resto dos concelleiros do Grupo

– Antonio Bernárdez de Dios

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 23 de abril, tomou coñecemento do anterior.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do presente expediente.

3.2.- (73).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NOS ÓRGANOS COLEXIADOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MUNICIPAIS E NO PADROADO DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. REX. 452/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de abril, número 452/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular comunica os membros do devandito grupo que formarán parte do Consellos dos organismos autónomos municipais e máis do Padroado do Museo municipal “Quiñones de León”.

Visto lo anterior, a Alcaldía-Presidencia con data 17 de abril de 2012, formula a seguinte proposta:

“O Pleno do Concello, en sesión de data 08.07.2011, de conformidade co previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, resolveu sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados da súa competencia, organismos autónomos municipais e Padroado do Museo Municipal “Quiñones de León”.

En data 16.04.2012 o voceiro do grupo político municipal do Partido Popular presentou no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno, escrito no que constan determinados cambios nos membros que corresponden a dito grupo político nos órganos reitores de tales entes, circunstancia que provoca a modificación parcial do apartado segundo do acordo aprobado na sesión de data 08.07.2011, modificación que, de conformidade coa proposta formulada materializase no seguinte senso:

Primeiro.- Modificar parcialmente o apartado segundo do acordo plenario de data 08.07.2011 e nomear membros dos órganos reitores dos órganos colexiados que se citan ós seguintes concelleiros/as.

S. Ordinaria 30.04.12

Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo:

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

Titulares:

- Roberto Relova Quinteiro
- Teresa Egerique Mosquera
- Marta Iglesias Bueno
- Antonio Bernárdez de Dios

Suplentes:

- José Manuel Figueroa Vila
- Teresa Cendón Alonso
- Miguel Fidalgo Iglesias
- José Luis Álvarez Pérez

Xunta Reitora do Instituto Municipal de Deportes:

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

Vocais Corporativos:

- Pablo Beiro Diz
- Teresa Egerique Mosquera
- Marcos Araújo Pereira
- Alexia Alonso Alonso
- Alejandro Pérez Davila

Consello do Parque Natural das Ciencias-VigoZoo:

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

Vocais corporativos:

- Roberto Relova Quinteiro
- Teresa Egerique Mosquera
- María Angeles García Míguez
- Alexia Alonso Alonso
- Alejandro Pérez Dávila

Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios:

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

Vocais Corporativos:

- Roberto Relova Quinteiro
- Marcos Araújo Pereira
- Alejandro Pérez Davila
- Teresa Cendón Alonso
- José Luis Álvarez Pérez

Padroado do Museo Municipal

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular

Vocais Corporativos:

- Roberto Relova Quinteiro
- Teresa Cendón Alonso

Segundo.- Comunicar este acordo aos voceiros dos grupos políticos municipais

e aos secretarios dos anteditos organismos autónomos para o seu coñecemento e efectos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de abril, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia con data 17 de abril, relativa ao nomeamento de representantes do Grupo municipal do Partido Popular nos órganos colexiados dos organismos autónomos municipais e no Padroado do Museo Municipal “Quiñones de León”, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

3.3.- (74).- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2012.
REX. 457/1101.

ANTECEDENTES.- O interventor xeral municipal, por escrito de data 16 de abril de 2012, informa do que segue:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da orde EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de execución orzamentaria para o ano 2012, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, que establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables ata o 31 de marzo de 2012.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, nos que se reflicte a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

En canto aos estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: A entidade local, o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias VigoZoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Achégase igualmente un estado consolidado relativo á recadación e pagos tanto de orzamento corrente como de pechados.”

No expediente figuran dezasete cadros contables debidamente numerados e dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 23 de abril, tomou coñecemento de todo o anterior.

INTERVENCIÓN DA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos neste Pleno para falar de algo que non lle gusta nada ao Partido Popular e onde se sente especialmente incómodo porque é o estado de execución do orzamento deste goberno municipal. Non lle gusta por dúas razóns: porque as cifras volven ser unha vez máis claras e contundentes e porque detrás das cifras hai feitos.

Toda España e toda Europa están pasando por un momento económico difícil e iso a algúns abóndalles para xustificar recortes en materias como educación ou sanidade.

Estamos traballando tamén cun orzamento prorrogado, é o do primeiro trimestre e iso tamén lle deu a escusa a algúns membros do Partido Popular para non

traballar pola cidade de Vigo.

Sen embargo o que nós traemos hoxe aquí é a proba de que, mesmo en momentos económicos difíciles nos que hai que traballar con austeridade, mesmo en momentos nos que hai que traballar cun orzamento prorrogado, pódese seguir dando servizos e traballando pola cidade de Vigo porque para iso nos elixiron os cidadáns de Vigo.

O que nós traemos hoxe aquí é o que fixemos en tres meses nun momento económico complicado para todo o mundo, o que fixemos pensando nos nosos cidadáns, en todos os vigueses e as viguesas.

Unha vez máis os datos volven ser moi claros e contundentes tal e como reflicten os propios estados contables, os informes de contabilidade que non son un "power point", nin unha folla de cálculo manipulada, son os datos contables que din que, cun orzamento prorrogado nun momento de austeridade e de dificultade económica, este goberno municipal, este alcalde socialista executou servizos, investimentos, accións sociais por valor de oitenta e nove millóns de euros en tres meses. Isto é o que lle ofrecemos á cidade: oitenta e nove millóns de euros.

Fomos capaces de efectuar pagamentos a provedores por valor de 64 millóns de euros e aínda nos quedan en Tesourería 57 millóns de euros. Unha vez máis as ratios volven falar moi claro. A porcentaxe de pagamentos deste Concello é dun 93,6% en tres meses.

Nós non tivemos que recorrer a un plan de pagamentos como tiveron que facer outros concellos gobernados polo Partido Popular, como Madrid cunha débeda pendente de 1.000 millóns de euros, ou Valencia cunha débeda pendente de 200 millóns de euros, ou Benidorm que só ten 72.000 habitantes e con 60 millóns de euros, ou Alicante con 300.000 habitantes e cunha débeda de 55 millóns de euros. Nós, como xa dixemos o mes pasado, fomos capaces de pechar un exercicio económico cuns remanentes que superaron os 80 millóns de euros e cunhas ratios (informes de Intervención, datos contables) coas que demostrábase claramente que reducíamos o nivel de débeda que nos deixou o Partido Popular de 66 a 54 millóns de euros, onde dobrábase os remanentes de Tesourería dende 40 millóns ata 80 millóns, onde facíamos un esforzo de investimento por habitante de 58 euros a 152 euros; e así todo.

Teño aquí recollido todo o que fixemos pola cidade en tres meses. Pódese

constatar nos datos contables que teño, nos programas culturais, educativos, sociais, a limpeza, os parques e xardíns, os programas de igualdade, os programas deportivos, as actividades da xente nova, as dos maiores, os centros de día... Aquí aparece recollido todo o que foi quen de facer este goberno, este alcalde nestes tres meses.

Para uns a crise é a escusa para recortar en educación e en sanidade. Para outros a crise é a escusa para se esforzar aínda máis polos cidadáns de Vigo e para traballar aínda máis por esta cidade. Nós demostramos que en tres meses non subimos impostos e non fixemos recortes. Outros, coa escusa da crise, soben os impostos e fan recortes. Esa é a diferenza entre un goberno socialista que traballa pola cidade de Vigo e un goberno non socialista que non traballa pola cidade de Vigo.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.

3.4.- (75).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI II.08 A BOUZA SUR (API 61 PXOM), PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS (PEID). APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 11925/411 (461/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 9 de abril de 2012, o técnico da oficina de infraccións, coa conformidade do xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e máis da xerente de Urbanismo, informa do que segue:

“1.- ANTECEDENTES

1.- O 15.05.2009, o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda ditou resolución, cuxa parte dispositiva se insire a continuación:

“PRIMEIRO: Incoar procedemento para a tramitación da modificación puntual do Plan Especial de Reforma Interior PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API-61 PXOM)-PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS (PEID) das parcelas dotacionais da Bouza Sur, a fin de posibilitar a creación dun equipamento socio-cultural ó servizo do barrio de Coia que integre a reconstrución do “Colexio Alemán” e a

S. Ordinaria 30.04.12

ampliación da zona verde.

SEGUNDO: Encomendar á Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo a realización das actuacións necesarias para a tramitación e aprobación deste procedemento.

TERCEIRO: Instar dos servizos municipais, co asesoramento da Asesoría Xurídica municipal, a realización das actuacións necesarias para entrar na posesión daquelas parcelas e para que o Rexistro da Propiedade reflecta correctamente a súa situación dominical"

2.- O 07.07.2009, remitiuse copia da citada resolución á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), xunto co documento de inicio para a avaliación ambiental estratéxica da Modificación Puntual do PERI II-08 "A BOUZA SUR" (API-61 PXOM)-Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID).

Por oficio do 22.09.2009, achegado ao Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo o 13.10.2009 (DOC. 90145029), deuse traslado da decisión do 22.09.2009, sobre a non necesidade de sometemento á avaliación ambiental estratéxica da Modificación Puntual do PERI II-08 "A BOUZA SUR" (API-61 PXOM)-Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) das parcelas dotacionais da Bouza, que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 212, do 29.10.2009.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 19.04.2010, acordou aprobar inicialmente a modificación puntual e PEID de referencia, a fin de posibilitar a creación dun equipamento sociocultural ao servizo do barrio de Coia que integre a reconstrución do edificio do antigo "Colexio Alemán" e a ampliación da zona verde do Parque da Bouza Sur, segundo a documentación elaborada pola Oficina de Planeamento e Xestión (exp. 11925/411), abrindo un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, con notificación individual simultánea a todos os propietarios dos terreos afectados, e ordenando recabar os informes sectoriais precisos das administracións públicas competentes.

O citado anuncio publicouse no DOG nº 121, do 28.06.2010, e nos xornais Faro de Vigo do 22.05.2010 e La Voz de Galicia do 28.05.2010, e foi notificado de forma individual ao movemento cidadán "O Noso Barrio" e á mercantil "Miraflores Vigo, S.A."

4.- A mercantil "Miraflores Vigo, S.A." presentou o 27.05.2010 (DOC. 100075238) un escrito polo que indicaba que as parcelas dotacionais da Bouza Sur están inscritas no Rexistro da Propiedade a nome da citada sociedade; recabado informe da Asesoría Xurídica municipal, foi emitido polo titular do citado departamento con data 10.05.2011.

5.- O 12.05.2011, o arquitecto municipal Director da Área de Planeamento e Xestión e o técnico de administración xeral emitiron informe favorable sobre a legalidade e calidade técnica da ordenación proposta.

S. Ordinaria 30.04.12

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 19.05.2011, aprobose provisionalmente a «Modificación Puntual do PERI II-08 “A BOUZA SUR” (API-61 PXOM)-Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID)»; no mesmo acordo desestimouse a única alegación á aprobación inicial, formulada pola mercantil “Miraflores Vigo, S.A.”, en base ao informe do emitido polo Titular da Asesoría Xurídica o 10.05.2011.

6.- Sometido por atento oficio remisorio do 24.05.2011 o expediente completo debidamente dilixenciado á CMATI, a documentación remitida foi emendada o 11.07.2011 a instancias do xefe do Servizo de Urbanismo da CMATI (DOC. 110096993, do 07.07.2011).

Posteriormente, o 29.09.2011 tivo entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (DOC. 110125880) un oficio do subdirector xeral de Urbanismo, polo que se deu traslado do informe da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no que se formulaban unha serie de observacións instando a corrección do expediente, que foron incorporadas segundo informe-contestación do arquitecto municipal xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do 07.10.2011.

7.- O 01.12.2011 (DOC. 110155219) presentouse no Rexistro da XMU un oficio do xefe do Servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra da CMATI, instando unha nova aprobación provisional do documento modificado introducindo as observacións formuladas no informe da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 05.01.2012, acordou aprobar provisionalmente por segunda vez a «Modificación Puntual do PERI II-08 “A BOUZA SUR” (API-61 PXOM)-Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID)», coas modificacións requiridas pola CMATI, e o expediente remitiuse de novo completo e debidamente dilixenciado á CMATI por oficio da concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e grandes proxectos do 20.01.2012 (nº saída 641-2012).

8.- O 27.03.2012 (DOC. 120035342), tivo entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo por oficio do subdirector xeral de Urbanismo, o segundo informe previo á aprobación definitiva da modificación puntual do plan especial de reforma interior PERI II-08 “A BOUZA SUR” (API-61 PXOM)-Plan especial de infraestruturas e dotacións, favorable á aprobación definitiva da modificación puntual do PERI II-08 “A BOUZA SUR”-PEID, aos efectos do establecido no art. 86.1.d) da LOUGA.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- nº 154, do 26.06.2008 (TRLS 2008)

- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia* -DOG- nº 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 221, do 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE nº 175, do 23.07.1997 (RLHU)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes do 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- nº 151, do 06.08.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13 de xullo de 2009 (BOP nº 175, do 10.09.2009; DOG nº 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE nº 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE nº 167, do 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE nº 285, do 27.11.1992
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; BOE nº 80, do 03.03.1985 (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE nº 96, do 22.04.1986 (TRRL)
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE nº 305, do 22.12.1986 (ROF)
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; BOE nº 196, do 15.07.1955 (RSCL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG nº 149, do 05.08.1997 (LALGA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo do 6 de setembro de 2010 (BOP nº 193, do 06.10.2010)

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- Tramitación dos plans especiais de infraestruturas e dotacións

A.1). A tramitación dos instrumentos de desenvolvemento ven recollida no art. 86 da LOUGA que preceptúa que o órgano municipal competente, procederá á aprobación inicial do instrumento de planeamento de desenvolvemento e que o someterá a información pública por un período mínimo dun e máximo de dous meses mediante anuncio no DOG e en dous xornais dos de maior difusión na provincia, con notificación simultánea de forma individual a todos os propietarios de terreos incluídos no ámbito, debendo formar parte a relación de propietarios

do plan; durante o mesmo tempo no que se realice a información pública, recabarase das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada; cando con posterioridade ao trámite de información pública se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio sustancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

Por se tratar dun plan especial non previsto no PXOM, resulta de aplicación o disposto na letra d) do art. 86.1 da LOUGA, polo que o Concello actuante debe aprobar provisionalmente o contido do Plan coas modificacións pertinentes e sometelo, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para a emisión dun informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control de legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de Ordenación do Territorio e dos plans territoriais e sectoriais; o prazo para a emisión do citado informe preceptivo, é de dous meses a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, transcorrido o cal entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do Plan.

A consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade tanto do proxecto de plan como do expediente e das actuacións administrativas realizadas. De apreciar algunha omisión ou a defectuosa realización dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a súa emenda, fixando un prazo para o efecto. Até o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe autonómico.

Cumpridos os trámites sinalados, o Concello procederá á súa aprobación definitiva, e remitirá á CMATI copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integren o plan sobre os que recaia o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo secretario, facendo constar o dito extremo. O acordo de aprobación definitiva publicarse no DOG no prazo dun mes dende a súa adopción, con referencia expresa á remisión da documentación á consellería competente, e o documento que conteña a normativa urbanística e ordenanzas será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

A.2) O art. 84 da LOUGA, na súa redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, esixe a tramitación previa á aprobación inicial da avaliación ambiental estratéxica.

Á data de tramitación da avaliación ambiental estratéxica da «Modificación Puntual do PERI II-08 "A BOUZA SUR" (API-61 PXOM)-Plan Especial de

Infraestruturas e Dotacións (PEID)», era de aplicación a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral, cuxo art. 7 foi derogado con respecto á avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de planeamento pola Disposición derogatoria única da Lei 2/2010, do 25 de marzo, que incorpora unha previsión de contido análogo ao artigo 84 da LOUGA antes citado.

B.- Cumprimento de trámites

Segundo se fixo constar nos antecedentes do presente informe, na tramitación da «Modificación Puntual do PERI II-08 “A BOUZA SUR” (API-61 PXOM)-Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID)» cumpríronse todos os trámites indicados, incluída a avaliación ambiental estratéxica que terminou por decisión do órgano ambiental de non necesidade de sometemento da ordenación proposta a AAE, polo que de conformidade co disposto na letra f) do art. 86.1 da LOUGA, o órgano municipal competente debe proceder á súa aprobación definitiva, dando curso ás notificacións e publicacións correspondentes.

3.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá ao Pleno do Excmo. Concello de Vigo (art. 123.1.i. LBRL), a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts. 10.1.b. e j. e 2.4.A.2 dos Estatutos da XMU).”

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 13 de abril de 2012, por maioría, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a «Modificación Puntual do PERI II-08 “A BOUZA SUR” (API-61 PXOM)-Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID)», segundo a documentación elaborada pola Oficina de Planeamento e Xestión, na súa versión v.2 para aprobación definitiva, datada a outubro de 2011.

Segundo.- Remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas copia autenticada de dous exemplares da «Modificación Puntual do PERI II-08 “A BOUZA SUR” (API-61 PXOM)-Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID)» aprobada definitivamente por este acordo, con todos os planos e documentos que

o integran debidamente dilixenciados pola Secretaría Municipal.

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia no prazo dun mes dende a súa adopción, en cuxo anuncio se fará constar expresamente a remisión da documentación á CMATI, e publicar o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao “Movemento Cidadán O Noso Barrio”, e publicar na páxina web do Concello de Vigo unha copia completa do instrumento aprobado definitivamente, para o seu público coñecemento.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (76).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FACER PÚBLICO O PROXECTO DO NOVO HOSPITAL, QUE SEXA CENTRO DE REFERENCIA DA ÁREA E QUE SEXA PÚBLICO. EXPTE. 450/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de abril, número 450/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“O actual Goberno galego renunciou á construción do novo hospital de Vigo de

xeito directo e con recursos propios e puxo en marcha un novo proxecto con financiamento e xestión privada, o que hipoteca durante vinte anos a prestación sanitaria, ao detraer unha inxente cantidade de recursos económicos por encarecer de xeito escandaloso o custo sobre o proxecto inicial.

Este negocio non so esta centrado na construción e xestión da infraestrutura principal como é o propia hospital senón que se estende á xestión do aparcadoiro e outras explotacións comerciais derivadas dos servizos auxiliares que se van implantar na superficie a desenvolver. Na practica é trasladar á iniciativa privada os lucros derivados da prestación dun servizo básico esencial. Queda en evidencia, pois, que existe unha modificación substancial con respecto ao proxecto inicial onde a titularidade pública do hospital estaba garantida, ao igual que o desenvolvemento da actividade sanitaria.

Dada a situación de crise son cada vez máis os comentarios que, en función dos feitos que lle estas afectado a empresas da UTE que constrúe e vai xestionar o hospital, hai un problema de financiamento que está impedindo o desenvolvemento normal das obras e que inclusive poden chegar a frearse.

Dado que é unha necesidade perentoria atender as insuficiencias do sistema de saúde na área sanitaria, que non existe un proxecto claro e definido nos seus contidos e funcións é polo que propoñemos o seguinte acordo:

Primeiro.- Reclamar da Xunta de Galicia a exposición pública e toda a información referida ao novo proxecto de execución do novo hospital que se esta a construír en Vigo, así como os recursos dispoñíbeis para facer fronte á obra.

Segundo.- Reclamar que o novo hospital sexa o hospital de referencia de toda a área sanitaria.

Terceiro.- Reclamar o carácter público e estratéxico e como centro de referencia deste novo hospital para o tratamento do cancro e para a investigación e a docencia.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 23 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, por escrito de data 30 de abril:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a construír o novo hospital de Vigo no prazo máis curto posible de tempo, utilizando para isto as fórmulas financeiras que se estimen máis áxiles e que garantan en todo momento unha xestión pública ao cento por cento.

Segundo.- Que se habiliten as camas necesarias e calibradas á poboación de

referencia, conforme aos criterios actuais e fórmulas máis eficientes de xestión que garantan a mellor calidade asistencial aos nosos cidadáns.

Terceiro.- Que o novo hospital de Vigo estea dotado de todos os servizos mantendo o seu carácter estratéxico e a dotación prevista para a unidade de investigación.

Cuarto.- Que se reorganice en Vigo o centro de asistencia oncolóxica integral de referencia para todo o sur de Galicia.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Aínda que non son idénticas, as mocións 5.1. e 5.2 teñen un tema común: o novo hospital. Propoño polo tanto que se faga o debate conxuntamente aínda que se voten de xeito separado.

Se lles parece ben aos grupos, comezaríamos con cinco minutos do BNG, cinco PSOE, cinco do Grupo Popular e tres minutos do PSOE e tres do BNG para rematar o debate,

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: No día de hoxe pensamos que aínda toda a cidadanía de Vigo e da súa comarca, todos e todas nós, seguimos preguntándonos por que se cambia un proxecto para un novo hospital de Vigo que estaba contemplado no Plan Directorio 2008-2013, que constituía a realización en Vigo dun necesario novo hospital e que daquela se contemplaba como un hospital absoluta e claramente de carácter público. A día de hoxe estámonos a preguntar por que a Xunta de Galicia, por que o Partido Popular que está falando por activa e por pasiva de austeridade, que nos está recortando absolutamente tanto en sanidade, como en ensino, como nos servizos básicos, por que unha forza política e un goberno galego que recorta en sanidade, que practica ou di practicar a austeridade, por que privatiza un hospital que nos vai custar aos vigueses e viguesas, aos galegos e galegas máis de 1.000 millóns de euros, é dicir, un hospital que se encarece nunha cantidade de 1.000 millóns de euros.

De atérmonos aos propios datos do Sr. Núñez Feijóo, con estes 1.000 millóns de euros non sería en absoluto preciso no noso país e na nosa cidade facer ningún tipo de recorte nin en sanidade, nin no ensino porque é bastante máis a cantidade que lle van regalar a unha empresa privada pola construción deste

novo hospital ca o que recortaron tanto en sanidade como en ensino, que é moito.

Así pois, vemos que entre as novas intencións da Xunta de Galicia e do goberno do Partido aparece a de aumentar os usos lucrativos neste hospital, de aumentar as zonas de aparcadoiro, as zonas comerciais; é dicir, de aumentar aqueles servizos que van repercutir nun lucro, nun beneficio para unha empresa privada. Fano a custa de reducir o que é o fundamental nun hospital: a asistencia sanitaria.

Estamos polo tanto diante dunha modificación absolutamente substancial con respecto ao proxecto inicial.

Moito se falou estes días do convenio que daquela asinara D^a Corina Porro co goberno anterior da Xunta de Galicia, un convenio polo que o Concello en aras de colaborar coa administración pública da Xunta, como se ten que facer sempre, facíase cargo dunha serie de compromisos e cargas urbanísticas de urbanización e demais. Daquela tiña sentido ese convenio porque as administracións deben colaborar entre elas cando se trata de poñer en marcha unha infraestrutura sanitaria básica pero pública.

A día de hoxe as normas de xogo cámbiaas unilateralmente o Partido Popular, pero os vigueses e viguesas non estamos dispostos a pagar dúas veces por un novo hospital e tampouco estamos dispostos a que os cartos de todos os vigueses e viguesas se lle regalen a unha empresa privada. Daquela podería ter sentido pero hoxe non ten sentido que o propio Concello de Vigo subvencione a unha empresa privada.

Por que non mostran dunha vez o novo proxecto construtivo? Por que non nos din con claridade que queren reducir de 1.400 a 900 as camas no novo hospital? Por que non nos din claramente que ao Partido Popular non lle preocupa nin o máis mínimo a saúde dos veciños e veciñas de Vigo e da súa comarca.

O que si nos din é que recortan sempre no que pode dar servizo a todos e a todas. O Partido Popular non quere que exista a igualdade, quere que sexan máis ricos os que xa o son a custa dos que menos teñen, dos traballadores e das traballadoras, dos nosos pensionistas, dos nosos emigrantes, en definitiva recortando aqueles servizos aos que todos e todas podían ter acceso como é a sanidade pública, universal e gratuíta que tanto nos custou conseguir.

O Bloque Nacionalista Galego defenderá sempre e en calquera momento unha sanidade pública, universal e gratuíta. Mobilizarase e loitará sempre contra unha idea do Partido Popular que é privatizar un servizo tan importante como é aquel que atende á saúde das persoas.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: O proceso de construción do novo hospital de Vigo, mediante a fórmula da cooperación público-privada ou o que se denomina PFI, estase convertendo xa dende os seus inicios nunha fonte inesgotable de problemas que non fixeron máis ca comezar e que se incrementarán de forma inevitable posteriormente polos problemas de financiamento, xestión de intereses no modelo e, de acordo coa experiencia internacional e nacional contrastada, poderá poñer en creba a posibilidade da viabilidade de funcionamento e financiamento do propio sistema.

Atrasos no comezo das obras, cambios no proxecto, incerteza financeira, etc., xeran ameazas certas que poñen en perigo non só a propia viabilidade e sostibilidade do proxecto ao resultaren moito máis caro, senón que xerará disfuncionalidades no funcionamento e na xestión do novo hospital e da área, á vez que xeran falla de lexitimación social e profesional.

Por todo iso e asumindo a proposta de moción ao Pleno da Plataforma na defensa da sanidade pública da área de Vigo, solicitamos que o goberno municipal proceda a denunciar en primeiro lugar o convenio do ano 2006 gravemente lesivo para os intereses de Vigo, esixir transparencia á administración sanitaria e polo tanto a publicación e acceso público ao proxecto de execución definitivo do novo hospital de Vigo, así como aos recursos dispoñibles para a súa realización e comprobar que se axusta integramente ao plan funcional do licitador. Esixir un modelo de financiamento e xestión pública para o novo hospital de Vigo como foi aprobado anteriormente. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta e aos distintos grupos do Parlamento autonómico.

Neste punto quero realizar unha serie de reflexións: máis aló das visións ideolóxicas partidistas lexítimas que poida haber na valoración dun proxecto e na concepción do financiamento dun hospital, hai uns intereses, fundamentalmente uns valores e unha contrastada información para poñer en dúbida o modelo da colaboración público-privada.

Polo tanto non son motivos fundamentalmente ideolóxicos, senón son fundamentalmente técnicos. Digo isto dende a lexitimidade que me dá coñecer en profundidade o tema e de exploraren e coñeceren non só en España, senón noutros países esta experiencia xa que tiveron a posibilidade de faceren no meu anterior destino.

Como vostedes saben, por parte da administración presidida por D. Emilio Pérez Touriño concluíuse que o modelo de colaboración público-privada era totalmente inadecuado e fonte de moitos problemas para a construción de calquera centro sanitario e en particular un das dimensións do novo hospital de Vigo.

O convenio ao que se fai referencia e que reiteradamente o Partido Popular solicitou o seu cumprimento, adáptase na súa literalidade a un modelo que se previra e planificara e do que se foi informando un por un, ano tras ano, plano tras plano, ao goberno municipal fose quen fose o alcalde ou alcaldesa que o presidise. Polo tanto se hai que falar de que un convenio se rompeu, hai que dicir que foi dun xeito unilateral por parte da Xunta de Galicia en contra das proxeccións e das ideas que levaba.

Vostedes non entenden que este convenio non se pode cumprir porque, tal e como dicía o Sr. Domínguez Olveira, realmente o modelo é completamente diferente.

O Concello de Vigo ten como misión cooperar lealmente con todas as administracións polos intereses de todos os cidadáns, pero nunca financiar empresas e responder aos caprichos do Sr. Núñez Feijóo.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sr. Concelleiro de Turismo, en vésperas do cumprimento do noso primeiro aniversario nesta Corporación, sigo sen saber cal é a súa responsabilidade neste goberno, aínda non presentou nin unha soa moción correspondente á súa área de goberno que lle lembro é Turismo, Comercio e Industria.

A estas alturas a súa concellería converterase na área "*missing*", sen embargo non é capaz de esquecer o seu paso pola Secretaría do Sergas. Obsérvase na súa obsesiva postura que nos conduciu a varios anos de atraso na construción do hospital que, de construírse co modelo que vostede agora propugna, estaría paralizado como o resto dos hospitais de España.

A Xunta de Galicia optou pola única fórmula que podería permitir ter un hospital na cidade de Vigo, rematalo en tres anos e pagalo; fundamentalmente pagalo.

O debate sobre o pagamento aprazado e outras fórmulas de financiamento non é substancial. Si o é que se preste un servizo público sanitario con equidade e de calidade ás alturas das expectativas dos cidadáns. Isto díxoo D^a M^a José Allende, secretaria de CCOO falando do modelo que nós propoñemos neste hospital.

O importante non son as ferramentas que, segundo as súas palabras, explorou sen resultado e sen eficiencia. O que nós propoñemos é o resultado e a eficiencia. Acaso vostede non tiña externalizada a cociña cando xestionaba o hospital do Meixoeiro? Ou o mantemento, a limpeza, a seguridade, a xardinería, a cafetería, etc.? Deixaba de prestarse un servizo público por iso?

Un servizo público privatízase unicamente cando a previsión abandona a esfera do orzamento público. Vostedes saben iso, como tamén saben que non estamos diante deste suposto.

Todas as comunidades autónomas e todos os países do noso contorno, como vostede ben di, están a utilizar o sistema de concesión polas vantaxes que reporta, entre elas fundamentalmente o acurtamento dos prazos para poñer a disposición as infraestruturas, o máis importante no caso da cidade de Vigo. Non podíamos agardar dez anos polo hospital, tiñamos que o ter e o imos ter en tres anos se vostedes colaboran.

Non lle vou relatar todos os países que utilizan este modelo porque perdería o tempo: Francia, Alemaña, Reino Unido, Irlanda, Austria, Italia... Comunidades autónomas? Todas: Baleares, Andalucía, Valencia, Madrid...

Vostede fálame do Reino Unido. Só no Reino Unido máis de cen infraestruturas sanitarias realizáronse con esta fórmula. Para vostedes todas crebadas en con problemas financeiros, pero resulta que o director do National Health Service, D. Mark Britnell, non di o mesmo. Quen está errado?

Pero non estamos aquí para discutir o modelo de financiamento do hospital que, como ben saben, lle corresponde a outros estamentos e xa o fixeron. O obxecto da súa moción non é outro que o de atrasar o avance da obra. Fano con propostas completamente diferentes porque a estas alturas estou cansa de repetir que a asistencia sanitaria no hospital “Álvaro Cunqueiro” vai ser integramente pública e que só terán xestión privada os servizos que xa temos

externalizados. Cando vostedes falan de custes esquecen dicir que no canon que se pagará van incluídos todos os servizos xa externalizados.

Pediú vostede a presentación do proxecto, pero a conselleira xa dixo en sede parlamentaria que o vai presentar, claro que o vai facer.

Falou doutro modelo de financiamento. Iso a estas alturas. Esqueceron incluír como teñen pensado indemnizar ás actuais empresas concesionarias porque deixaríamos os orzamentos da Comunidade Autónoma como deixaron os socialistas os de Castilla-La Mancha co hospital de Toledo paralizado.

Denunciar o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo no 2006. Tería gracia de non seren tan dramático porque vostede no 2006 era o secretario do Sergas. Daquela xa vivía vostede nesta cidade, tivo catro anos para facer as modificacións e, ven agora pedíndonos a complicidade para esta felonía? Non a vai ter, Sr. Rodríguez Escudero.

Antonte os profesionais do complexo sanitario de Vigo reclamaban: “Necesitamos o hospital, esta presión non se pode aguantar máis”. Milleiros de cidadáns, usuarios da sanidade pública, pensan o mesmo, incluso os centos de funcionarios e catedráticos que podendo elixir entre a sanidade privada e a pública, elixen a pública. Todos pensamos igual.

O Grupo municipal do Partido Popular non lles vai defraudar e por iso presentei a emenda que vostede pode ler, nela incluímos dous puntos: Primeiro, instar ao Concello de Vigo a que realice as obras de urbanización e de acceso ás que se comprometeu coa sinatura do convenio, co fin de que a execución do proxecto se manteña nos prazos previstos. Segundo, instar á Xunta de Galicia a que continúe coa execución das obras que permitan rematar o novo hospital cen por cen público, á vangarda tecnolóxica, referente para toda a área sanitaria e que garanta a mellor calidade asistencial aos nosos cidadáns no prazo máis curto posible de tempo. Terceiro, trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galicia e aos distintos grupos parlamentarios de Galicia.

En resumidas contas, o que propón o Partido Popular é continuar coa obra do hospital que vai ser de asistencia 100% pública e para toda a área sanitaria de Vigo; que o Concello cumpra coa súa parte, que leve a urbanización ata a obra do hospital.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Cando se asinou o convenio eu non estaba na Dirección do Sergas, coido que ten mal as súas notas.

Logo, sinxelamente salienta que ten vostede un guión establecido e por iso comete erros. Eu non falei nada do Reino Unido, podería facelo porque teño aquí os informes da auditoría do Reino Unido onde desaconsellan o modelo neste mesmo momento.

Coido que a vostede lle poden os prexuízos, mesmo persoais. Pero non vou entrar nese tema. Vou falar do que nos interesa que é o que vostede quere diluír.

Vostedes menten literalmente e déixanse levar polo fundamentalismo en todo cando afirman que nestes momentos é o único modelo posible. Non o é, é precisamente o modelo que se desaconsella nestes momentos. Sabe cal é o financiamento que ten SPI nestes momentos? 1% e pico. Sabe cal é o financiamento que lle ofrecen e que está conseguindo a UTE deste hospital? 5.5%. O que vai significar iso para o Sergas é que esa ficción de proxecto económico-financeiro presentado pola conselleira non se poida cumprir e, se xa nese proxecto económico-financeiro presentado pola conselleira había unha desviación de 500 millóns de euros, integrando mesmo o tema da concesión ao longo do vinte anos, como comprenderá non van nin sequera abondar 500 millóns máis de euros do modelo SPI ao modelo de concesión. Teño aquí os estudos dos profesionais económicos da Universidade. Cando queira os terá vostede. Son 500 millóns de euros máis entre o modelo SPI e o modelo que vostedes propoñen. Pero non vai custar eses 500 millóns porque se vai multiplicar polo feito de que os créditos son primeiro moito máis difíciles de conseguir e segundo moito máis caros.

Por outra banda dixo que SPI non o podería facer. Sinxelamente volve dar un dato por ver se remata xa ese discurso: O día 12 de febreiro deste ano o Consello da Xunta aprobou que SPI xestionase 230 millóns para este ano para obras menores, obras de estradas que poderían ser perfectamente viables por este modelo de PFI. Sen embargo, por razóns que non veñen ao caso, vostedes cambiárono. SPI tiña diñeiro, tívoo o ano 2009, 2010 e 2011, mesmo máis orzamento ca no 2011. Polo tanto ese modelo que din vostedes que era inviable, aí o teñen, é viable. Puxeron 230 millóns que perfectamente poderían ser destinados cara o hospital de Vigo e vostedes non o fixeron. Os motivos? Coido

que son motivos espurios que só teñen que ver con intereses particulares do proceso de demolición da sanidade pública.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: É tremendo escoitar o que dixo a representante do Partido Popular que non é substancial, que non ten importancia o modelo de financiamento.

Vostedes acaban de facer que os pensionistas teñan que pagar polos seus medicamentos, acaban de recortar máis de 10.000 millóns de euros en sanidade e en ensino e para vostedes non é substancial que os homes e mulleres de Galicia teñamos que pagar máis de 1.000 millóns de euros a unha empresa privada porque vostedes privatizan o novo hospital. Como se pode dicir que iso non é substancial?

A gran mentira do Partido Popular é dicir que só externalizan o comedor e a cociña. Non, vostedes externalizan todo o hospital porque sacan un concurso público para a construción e xestión do novo hospital de Vigo. Non mintan máis. Ademais vostede mesma demóstrame coa súa emenda á moción que están mentindo.

Eu mirei na prensa páxinas enteiras de propaganda do Partido Popular dicindo que todo o hospital de Vigo vai ser público. Entón por que presentan vostedes esta emenda que no punto número un di: “Instar á Xunta de Galicia a construír o novo hospital de Vigo no prazo máis curto posible, utilizando para isto as fórmulas financeiras que se estimen máis áxiles”. Pero, non acaba de dicir vostede que a fórmula financeira que vostedes acaban de implantar é a mellor do mundo?

Pero non só isto, malia páxinas e páxinas gastadas de publicidade dicindo que non nos preocupemos porque o hospital vai ser público, vostedes agora mesmo instan na súa emenda á Xunta a que garanta en todo momento unha xestión pública ao 100%. Se vostedes e o Sr. Núñez Feijóo dixeron que este hospital ía ser público, que ninguén se preocupase, como vostede agora insta á Xunta a que a xestión sexa pública ao 100%? É a gran mentira do Partido Popular.

A gran verdade é que este hospital nos custa 1.000 millóns de euros e tamén que vostedes sacaron un concurso público para que a súa xestión íntegra recaia nunha UTE, recaia en mans privadas. Agora vostedes mesmos instan á Xunta a

que iso non sexa así, pero chegan tarde porque a Xunta xa decidiu que este hospital nos custe 1.000 millóns de euros máis e vostedes teranlle que reclamar ao Sr. Núñez Feijóo que a Vigo e a Galicia se nos devolvan eses 1.000 millóns de euros que nos roubaron por llos dar a unha empresa privada.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, entendo pola súa intervención que non acepta a emenda, como tamén entendo da intervención do representante do Grupo Socialista que tampouco a acepta.

A emenda formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, non foi aceptada polo relator da moción polo que a Alcaldía-Presidencia non a someteu a votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando á Xunta de Galicia a facer público o proxecto do novo hospital, que sexa centro de referencia da área e que sexa público, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (77).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á DENUNCIA DO CONVENIO DO ANO 2006, SOLICITAR Á XUNTA ACCESO PÚBLICO AO PROXECTO DE EXECUCIÓN E AOS

RECURSOS DISPOÑIBLES, E OUTROS EXTREMOS RELATIVOS AO
NOVO HOSPITAL DE VIGO. EXPTE. 460/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril, número 460/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte moción:

“O proceso de construción do novo hospital de Vigo, mediante o sistema PFI, estase convertendo xa dende os seus inicios nunha fonte inesgotable de problemas que non fixeron máis que empezar e que se incrementarán inevitablemente posteriormente polos problemas de financiamento e xestión inherentes ao modelo, de acordo coa experiencia internacional e nacional contrastada. Atrasos no comezo das obras, cambios no proxecto, incerteza financeira, etc. xeran ameazas certas que poñen en perigo non só a propia viabilidade e substentabilidade do proxecto, ao resultar moito máis caro, senón que xerará desfuncionalidades no funcionamento e na xestión do novo hospital e da área, á vez que xeran deslexitimación social e profesional.

Por todo iso, e asumindo a proposta de moción ao Pleno da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da área de Vigo,

SOLICITAMOS:

- 1.- Tómese o acordo plenario para que o Goberno Municipal proceda a denunciar o convenio do ano 2006, gravemente lesivo para os intereses de Vigo.
- 2.- Esixir transparencia da Administración Sanitaria da Xunta e, polo tanto, a publicación e acceso público do proxecto de execución definitivo do novo hospital de Vigo, así como dos recursos dispoñibles para a súa realización e comprobar que se axusta ao plan funcional e proxecto básico aprobados.
- 3.- Esixir un modelo de financiamento e xestión pública para o novo hospital de Vigo como o que fora aprobado anteriormente.
- 4.- Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galicia e aos distintos grupos do Parlamento Galego.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 23 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, por escrito de data 30 de abril:

Primeiro.- Instar ao Concello de Vigo a que realice as obras de urbanización e acceso ás que se comprometeu coa sinatura do convenio, co fin de que a execución do proxecto se manteña nos prazos previstos.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que continúe a execución das obras que permitan rematar o novo hospital cento por cento público e á vangarda tecnolóxica, referente para a nosa área sanitaria, que garanta a mellor calidade asistencial aos nosos cidadáns, no prazo máis curto posible de tempo.

Terceiro.- Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galicia e aos distintos grupos do Parlamento de Galicia.

Coa conformidade dos grupos municipais a presente moción debateuse xuntamente coa moción do Grupo municipal do BNG relativa ao mesmo tema e que figura no punto 5.1 da orde do día, estando transcrito o debate habido no citado punto ca presente acta.

A emenda formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, non foi aceptada polo relator da moción polo que a Alcaldía-Presidencia non a someteu a votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que o Goberno Municipal proceda a denunciar o convenio do ano 2006, gravemente lesivo para os intereses de Vigo.

Segundo.- Esixir transparencia da Administración Sanitaria da Xunta e, polo tanto, a publicación e acceso público do proxecto de execución definitivo do novo

hospital de Vigo, así como dos recursos dispoñibles para a súa realización e comprobar que se axusta ao plan funcional e proxecto básico aprobados.

Terceiro.- Esixir un modelo de financiamento e xestión pública para o novo hospital de Vigo como o que fora aprobado anteriormente.

Cuarto.- Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galicia e aos distintos grupos do Parlamento Galego.

5.3.- (78).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AOS GOBERNOS CENTRAL E AUTONÓMICO A FREAR RECORTES EN MATERIA DE EDUCACIÓN E POSTA EN MARCHA DE PLAN DE ENSINO PÚBLICO. EXPTE. 454/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de abril, número 454/1101, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

“Os distintos medios de comunicación veñen recollendo a cotío unha preocupante nova, tal como é a intención do Goberno Estatal do Sr. Rajoy de recortar 10.000 millóns de euros máis neste exercizo en dous servizos públicos básicos para a cidadanía como sanidade e educación, sendo este un axuste orzamentario adicional ao dos 27.000 millóns de euros xa previstos nos orzamentos xerais.

Aínda que non se especifican nin se concretan as medidas a tomar para reducir o gasto educativo, a reacción da comunidade educativa é de absoluta perplexidade, e criticábase a opacidade, ambigüidade e incerteza que xeran os axustes anunciados, constituíndo un claro ataque e agresión á calidade do ensino público. En todo caso, entre outras parece anunciarse a autorización dun aumento de ratios que masificará as aulas, un aumento da carga lectiva que implicará unha perda de postos de traballo docente, incluírá privatizacións que acabarán co modelo actual, o incremento do prezo das matrículas universitarias ou a eliminación de carreiras con poucos alumnos, etc.

Estes importantes recortes orzamentarios nas aulas e as medidas que propoña o goberno central terán que ser aplicados polos gobernos autonómicos, e dende logo non serán a solución nin a curto, medio, nin longo prazo, xa que estaremos castigando ás xeracións máis mozas e empobrecendo a súa calidade de vida.

A clara intención deste ataque a unha das conquistas sociais máis valoradas como é poñer en valor un ensino público de calidade, ten sobradas mostras coa

aplicación dunha continua política de deterioro e recortes, que en nada ten que ver ca austeridade na educación.

O Grupo Municipal Socialista está en contra desta tesoirada ou anunciado recorte orzamentario en educación e claramente a favor dun financiamento maior do ensino público, é por isto polo que propoñemos ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar aos Gobiernos Central e Autonómico a que freen de xeito inmediato o anunciado recorte orzamentario en educación e poñan en marcha un plan de apoio ó ensino público.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 23 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Cando dende o Grupo Socialista deste Concello se proxectou esta moción, só tiñamos a nova de que o goberno ía reducir 10.000 millóns de euros en educación, pouco máis sabiamos, había globo-sonda de por onde ían os tiros, pero non sabiamos exactamente en que consistía ese recorte en educación. Aínda así a nova xa nos rechamara porque, á parte do que xa non aparecía polos recortes que había nos orzamentos do Estado, ademais se incluían 10.000 millóns a máis de recortes en materia de educación.

Partiamos de novas de por onde podían ir os tiros e partiamos da experiencia do que a Xunta xa fixera en Galicia, sobre todo do que a Xunta xa fixera en Vigo. En Vigo a Xunta xa eliminara aulas en colexios públicos como no Paraixal, tamén sabiamos que a Xunta vai pechar o colexio de Caixanova que é público, tamén que vai pechar dúas escolas infantís: A Nogal e Palencia, que estaba masificando aulas no resto de colexios públicos, que desmantelara o IES “Manuel Antonio”, polo tanto xa coñeciamos a experiencia da Xunta do Partido Popular en Vigo e agora nos tememos o que vaia facer o Partido Popular a nivel estatal.

Chegou o famoso “venres negro”, que coido que agora poderemos bautizar así todos os venres que veñan, con todas as medidas detalladas e concretas de en que consisten os recortes en educación. Os recortes en educación que presenta o goberno central viñeron na mesma liña do que xa está facendo a Xunta aquí en Galicia, do que está facendo a Comunidade Autónoma de Madrid gobernada polo Partido Popular. Os recortes van nese sentido: subir taxas, como xa está facendo

a Xunta de Galicia coas escolas infantís, baixar os importes das bolsas onde se poida, masificar aulas e eliminar profesores. Esa era a política que estaba proxectando o goberno central, aínda que non só iso, senón que lles pedía ás autonomías que puxesen en marcha eses recortes.

A nosa sorpresa foi maiúscula cando, sabendo o que xa fixera a Xunta de Galicia en Vigo, a resposta de Feijóo foi que ía acatar os recortes propostos polo goberno e que os ía poñer en marcha. Logo deu marcha atrás e dixo que non se tocarían as taxas universitarias.

Pero como xa estamos acostumbrados á mentira porque o 4 de novembro o Sr. Rajoy dixo que lle ía meter a tesoura a todo agás a pensións, sanidade e educación e resulta que o 19 de abril reduciu pensións, sanidade e educación; xa nos tememos o que tamén poden estar facendo en Galicia.

Polo tanto opoñémonos a estas medidas que están levando a cabo tanto a Xunta de Galicia como o goberno central, porque o que hai atrás non é unha política de austeridade, é unha política de cargarse todo o sistema público. Está moi claro porque a escusa que dá o ministro de Educación para realizar os recortes, por exemplo en Universidade, é que hai unha xeneralización da educación universitaria no noso país; esa é a escusa que pon o ministro para levar a cabo os recortes en educación, é dicir, que non queren que haxa universitarios no noso país. Queren que só accedan á universidade as clases podentes e por iso están subindo taxas alí onde poden.

Se hai uns anos todos falábamnos dunha Europa de dúas velocidades e todos defendíamos que España non podía ser ese vagón de cola, que tería que ir á cabeza desa Europa de dúas velocidades, agora o presidente Rajoy está creando unha España de dúas clases sociais, aqueles que poidan, que teñan diñeiro, as clases podentes poderanse pagar unha carreira universitaria aínda que tarden dez ou quince anos en rematala, pero aquelas outras clases non podentes non se poderán pagar uns estudos.

Estamos falando do futuro dos nosos fillos, de que teñen os mesmos dereitos a acceder ao mercado laboral, teñan ou non diñeiro, que non dependa do diñeiro do peto dos seus país, que calquera persoa nada en calquera lugar de España teña os mesmos dereitos e as mesmas liberdades e polo tanto a mesma capacidade para acceder á universidade.

O que está facendo o Sr. Rajoy é desmantelar os servizos públicos e xerar esa España de dúas clases sociais.

SRA. VELOSO RÍOS: Coincido plenamente co discurso que acaba de facer a Sra. Díaz porque é moi evidente o que está pasando con algo tan básico como é sanidade, da que acabamos de debater na moción anterior e a educación que calquera outra cousa é sinxelamente disfrazar con palabras, cousa que intenta facer o Partido Popular que cando se lle fala de peches de centros na nosa cidade e en todo o país, di que non pechan centros, que reorganizan. Estes son os eufemismos que utiliza o Partido Popular para levar a cabo unha política evidente para todo o mundo de desmantelamento da educación pública.

Os cartos dedicados dende as administracións públicas a educación non son un gasto, son un investimento. Podería dar aquí unha clase maxistral sobre a importancia da educación e da cultura para o desenvolvemento dunha sociedade civilizada, pero como seguramente logo de min intervira o Sr. Relova e non lle quero pisar a intervención, el xa nos dará unha clase maxistral pero, en lugar de nos dar leccións aquí a persoas que estamos absolutamente convencidas, eu pediríalle que lles dera leccións sobre a necesidade de contar cunha educación igualitaria para toda a sociedade aos seus compañeiros de partido que están nos gobernos da Xunta e do Estado tomando as decisións que están tomando.

Por favor, que o faga antes do venres porque efectivamente cada venres estase convertendo nun "venres negro" e agora os sábados en vez de ir ao salón de peitado veren o "HOLA", temos que ler o BOE ou o DOG por veren o novo decreto co que vostedes aplican eses recortes que chegan como un "ruxerruxe", como un conto e que ao final se materializan en decretos que realmente poñen os pelos de punta, que provocan arreguizos a todas as persoas que nos decatamos perfectamente de que o que están facendo é fomentar o ensino privado e deixar ademais determinados niveis educativos, como agora a universidade, para as elites da sociedade que se poidan pagar os estudos. É volver colocar as cousas no que entenden vostedes que é o seu sitio, onde teñen que estar, cada quen onde ten que estar. É onde queren volver vostedes.

Iso é así para os servizos sociais, que as mulleres se segan ocupando das persoas dependentes e dos fillos, volve ser así tamén para a sanidade e para a

educación. Esa é a orde normal que vostedes entenden que ten que ter a nosa sociedade e estano aplicando perfectamente, dunha maneira moi clara e moi directa, sen ningún tipo de dúbida, tanto no goberno do Estado como no da Xunta. Levan tres anos facéndoo no goberno da Xunta.

Di o Sr. Feijóo que en Galicia xa non vai aplicar os recortes. Xa abonda cos que levamos aplicado: 400 millóns de euros menos nos orzamentos, unha redución de máis de mil profesores, a desaparición de máis de duascenas unidades de ensino público. Agora lle toca tamén ás universidades porque non deixan nivel educativo, non deixan ningún. O nivel educativo de 0 a 3 para vostedes nin sequera é nivel educativo porque xa o dixo a súa conselleira no Parlamento: non é realmente un período importante para a educación dos cativos e cativas, é asistencial. Iso foi o que dixo.

A partir de aí dedicámonos a recortar en todas partes e agora xa devolvemos a universidade tamén á universidade elitista do século XIX. Non hai problema, que hai que subir as taxas? Sóbense. Que hai que aplicar restricións? Por exemplo cos estudos de dereito, as persoas que están agora estudando dereito atópanse con que para poder exercer como avogados van ter que pagar o seu posgrao, pero non só iso porque está fixado con prezos públicos, senón que non haberá prazas abondo nas universidades públicas, si nas privadas; quen se poida pagar o posgrao na universidade privada poderá exercer como avogado. Volvemos recuperar tamén o status dunha profesión coma esa, non pode ser que sexa alcanzable para calquera cidadán ou cidadá. Esa é a realidade.

Insisto en que unha sociedade civilizada ten que fornecer de servizos especialmente ás persoas que teñen máis dificultades. Así ten que ser unha sociedade civilizada. Ten que lles dar sanidade e educación ás persoas que teñen máis dificultades económicas para acceder a elas porque son ferramentas de desenvolvemento. Isto é o que están construindo vostedes dende a Xunta e dende o goberno do Estado. Esta sociedade está moi lonxe de seren civilizada, é máis ben unha sociedade de cacerías.

Evidentemente nós imos apoiar esta moción e seguiremos tanto no Concello, como en todas aquelas institucións e administracións onde esteamos presentes, defendendo a sanidade e a educación pública.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Sra. Veloso, de verdade que eu non teño que dar clases maxistras a ninguén, saiba que en todo caso aprendo moito e moitas veces de vostede.

Gustaríame aclarar dúas cousas: Primeiro que non hai ningún tipo de moción nin de proposta, aquí non se dixo absolutamente nada.

Sra. Díaz, xa que vostede mencionou o título dunha película: “venres negro”, eu dígolle que moitos españois, moitos galegos e moitos vigueses lembrarán precisamente unha película que se rodou aquí en Vigo que se titulaba “Os luns ao sol”.

Comezarei cun refrán que non sei se o lin na Biblia ou en “El País semanal”: “sementa ventos e recolle tempestades”.

Vivimos os efectos dun tsunami de mentiras e hipocrisía política que arruinaron este país. A súa herdanza, a dos *surfistas* Zapatero e Rubalcaba, sumiunos na peor das ruínas. Paréceme increíble que se veña este Pleno falaren de todo menos do que importa: a educación, a cultura e o traballo nesta cidade, en Vigo. Non importa Vigo. Voulles dicir por que.

Hai tres meses vostedes presentaron unha moción practicamente igual á que hoxe traen a este Pleno. Desculpen, pero vostedes non se molestan en traballar por esta cidade, non se molestan nin sequera en traballar as mocións que traen a este Pleno. Maxino que as súas prioridades deben ser outras, outras que non son a responsabilidade con esta cidade, con Vigo.

Hoxe teño máis claro ca nunca que nin a cultura, nin a educación importan para o Sr. Alcalde de Vigo. Séguese sen lle dar solución aos problemas dos colexios de Vigo, tampouco as escolas infantís se abren para o alumnado, tampouco haberá UNED e remítome á nova que viña onte na prensa con respecto á entrevista que se lle facía á directora que aínda está agardando a que vostede decida. Pasa o mesmo coa biblioteca e con outras moitas cousas que ao final o único que corroboran é que nesta cidade perdemos un ano de traballo e de xestión. Vigo íllase e aínda por riba vostedes escúdanse na crítica ao goberno do Sr. Núñez Feijóo e agora ao de Rajoy que si xestiona e goberna nun dos peores escenarios económicos.

O exemplo final de todo isto é que aínda estamos agardando que se nos chame aos dous grupos políticos da oposición para falaren da EMAO e non tivemos unha

reunión ordinaria da Xunta Reitora da Escola de Artes e Oficios. Isto é o que importa.

Hai dous anos o compromiso do Partido Popular de Galicia foi que chegara o momento de formar cidadáns conscientes dos seus dereitos e deberes e da súa responsabilidade social e para isto propoñía a educación como ferramenta para acadar estes obxectivos con tres piares básicos: liberdade, igualdade e calidade. Polas circunstancias económicas a educación tiña que ser especialmente protexida pola súa capacidade de desenvolvemento económico e social para Galicia. Dende o goberno galego estase facendo un gran esforzo para poder cumprir os obxectivos e valores marcados.

Nunha época tan complicada, unha educación moderna como aposta de futuro está sendo fundamental para este goberno. O avance da calidade, a ampliación da oferta educativa, a innovación e as novas tecnoloxías, o plurilingüismo, os valores educativos e o respecto son retos marcados para levar a cabo que día a día se van conseguindo como unha aposta forte pola educación, como un investimento de futuro para Galicia.

O goberno bipartito anterior chegou no ano 2005 nun momento de auxe económico e de recursos cunha taxa de abandono escolar dun 23%. Como comentei chegaron nun momento de estabilidade económica para poder investir en programas de reforzo, avance, orientación e rematan a súa lexislatura cun 26% de taxa de abandono escolar que é o que atopa o Partido Popular de Galicia cando regresa ao goberno da Xunta. Tres anos despois, cunha xestión eficiente dos recursos, analizando o destino de cada euro investido en educación en Galicia, onde nos últimos orzamentos máis de 1 de cada 4 euros, máis do 25% do orzamento da Comunidade, vai dirixido directamente ao sistema educativo galego: Galicia sitúase nun 20,8% de taxa de abandono escolar.

Neste intre se produce unha interrupción por voces formuladas por parte do público asistente á sesión, tendo que pedir silencio a Presidencia.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Isto débese aos diferentes plans de avance, orientación e reforzo do actual goberno que leva aplicando dende o comezo da lexislatura.

Polo tanto máis recursos non é igual a mellores resultados. Galicia tras tres anos

de esforzo económico e de boa xestión, austeridade, optimización, aforro e priorización, é a Comunidade Autónoma máis solvente de España con 1,6% de déficit. Galicia non precisa tomar medidas tan fortes como noutras comunidades onde a situación é realmente alarmante e dramática: Andalucía, Castilla-La Mancha ou Cataluña. En Galicia estúdase e cóntase coas posibilidades que contamos para intentar que as reformas tomadas repercutan o menos posible na calidade da nosa educación. A día de hoxe pódese afirmar que temos un dos mellores sistemas educativos de España.

O goberno do Sr. Núñez Feijóo apostou dende o primeiro momento por unha educación moderna cunha ampla oferta e innovadora, en moitos casos sendo pioneira a nivel nacional cun único obxectivo: abrir as portas ao mundo aos estudantes galegos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como adoita dicir o refrán: “pola boca morre o pez”. Acábao de recoñecer o propio Sr. Relova: máis recursos non implican mellores resultados, é dicir, temos a escusa perfecta para poñer menores recursos en educación. Ese é o resume do que acaba de dicir o Sr. Relova.

Falou de herdanza. Si, o Sr. Rodríguez Zapatero deixou unha herdanza que é a mellor educación pública e universal que tivo nunca España e a mellor sanidade pública e universal que nunca tivo España. En menos de tres meses o Partido Popular cargouse a educación e a sanidade públicas.

Falou tamén da película “Os luns ao sol”. Desgraciadamente dende que está o Sr. Rajoy no goberno temos 300.000 persoas máis nestes tres meses que están “os luns ao sol”.

Falou do esforzo da Xunta. Eu quero que me diga exactamente canto investiu a Xunta nos colexios de Vigo porque a resposta é cero. Os investimentos da Xunta en Vigo foron de cero euros. Pero si teño o que fixo a Xunta en Vigo: subiu as taxas das garderías municipais e pechou distintos colexios ao longo e ancho da cidade. Iso foi o que fixo a Xunta de Galicia en Vigo. A escusa é a calidade. Masificar aulas implica máis calidade? Para vostedes si.

Si que é certo que presentamos moitas mocións sobre educación porque estamos en contra do que está facendo a Xunta de Galicia e o goberno central en materia de educación porque están desmantelando a educación pública. Están

masificando aulas, recortando o número de profesores, despedíronse investigadores da Universidade, estase eliminado xente; estamos pechando portas ao ensino.

Dicía o outro día o ex-reitor da Universidade de Salamanca que non é socialista, senón que está traballando para o goberno do Partido Popular: “A educación é o maior investimento que se pode facer porque é o futuro da nación. Os mozos que hoxe están estudando serán os traballadores do mañá e quen nos gobernará mañá. Dependendo de como os preparemos hoxe, así nos poderán gobernar mañá”. Vostedes están decidindo que os que nos van gobernar o día de mañá só sexan dunha determinada clase elitista que se poida pagar determinados colexios e universidades. Esa é a filosofía que vai tras de todo isto. Vostedes escusan esa filosofía, agóchana atrás da famosa crise e da famosa austeridade. Porei un exemplo da famosa austeridade, quérome quedar cun recorte que saía o outro día: “Alumnos galegos gañadores en olimpíadas científicas non cobrarán os premios”. É dicir, uns cativos que están competindo e demostrando que son os mellores non van cobrar os 200 euros.

Ao se ter producido unha nova interrupción por parte do público asistente impedindo a votación, a Alcaldía-Presidencia manifesta que, de volverse repetir, terá que mandar desaloxar o salón do Pleno.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Vázquez Díaz, instando aos Gobiernos Central e Autonómico a frear recortes

en materia de educación e posta en marcha de plan de ensino público, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (79).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCORPORACIÓN DUNHA PARTIDA DE CINCO MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE DESEMPREGADOS PARA SERVIZOS Á COMUNIDADE EN VIGO. EXPTE. 458/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de abril, número 458/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“Coa chegada de Feijóo e o PP ao goberno de Galicia en 2009, o PIB galego pasou de 2,6 puntos máis favorable que a media estatal, a hoxe, que é de 1,3 puntos peor.

A tradución en emprego é clara: mentres Galicia tiña unha evolución mais favorable co Estado en 4,6 puntos, cunha perda anual do 1,8 % de ocupados fronte ao 6,4 da media estatal, as políticas de Feijóo e o PP levaron a que, mentres o Estado perdeu o 2,1 % de ocupados, Galicia perdeu o 2,8 %.

Nos presupostos da Xunta de Galicia de 2012 vemos con preocupación que non se contemplan medidas para corraxir este feito, o que si se fai son anuncios do Sr. Feijóo de partidas, unha vez por separado e outras agrupadas, para intentar convencernos da súa preocupación polos desempregados.

Nos fondos para cooperación “Xunta de Galicia-Corporacións Locais”, segue sen ter en conta para o seu reparto o número de habitantes e o número de desempregados, recibindo o mesmo un concello con 20.000 habitantes e 2.000 desempregados que un de 295.000 habitantes e 33.000 desempregados.

O Alcalde de Vigo, ven practicando políticas *keynesianas* para favorecer á economía e ocupación dos desempregados da cidade, en concreto, nos presupostos de 2012 se contempla unha partida de 5,2 millóns de euros para á contratación de desempregados.

É de xustiza que quen ten as competencias en emprego, e dicir, a Xunta de Galicia, faga unha achega, cando menos, parella.

Polo anteriormente exposto, propoñemos para a súa aprobación a seguinte moción:

Instar á Consellería de Traballo e Benestar para que mediante a ampliación da Orde de Cooperación “Xunta de Galicia-Corporacións Locais”, incorpore unha partida de polo menos cinco millóns de euros para a contratación de desempregados para servizos á comunidade no Concello de Vigo.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 23 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de adición formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, por escrito de data 30 de abril:

Instar ao Concello de Vigo a elaborar e aprobar o Plan de Emprego 2012-2015 no que se detalle e se dote de contido o destino dos investimentos previstos para o fomento de emprego na nosa cidade.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Falaba a miña compañeira, Sra. Díaz, das mentiras do Sr. Rajoy pero tamén en Galicia o Sr. Núñez Feijóo en campaña electoral prometeu que en corenta e cinco días melloraría a economía e o emprego na nosa comunidade de gobernaren en Galicia el e máis o Partido Popular. Levan tres anos ocupando, que non gobernando, o goberno en Galicia e temos que en 2009 o PIB galego pasou de 2,6 puntos máis favorable que a media estatal, ao que é a día de hoxe con 1,3 puntos peor.

Todo iso ten unha tradución clara no que se refire ao emprego: mentres Galicia tiña unha evolución de 4,6 puntos máis favorable ca do Estado, cunha perda anual de 1,8% de ocupados fronte aos 6,4 da media estatal, as políticas de Feijóo e do Partido Popular levaron a que mentres o Estado perdeu o 2,1% de ocupados, Galicia perdeu o 2,8%.

Vemos que nos orzamento de 2012 da Xunta de Galicia non se contemplan medidas para corrixir este feito. O que si se fai son anuncios do Sr. Feijóo de partidas que van nos orzamentos por separado, que anunciaron por separado dende a Xunta e que as anuncia outra vez como novos programas de políticas activas de emprego cando non deixan de ser as mesmas. A intención é clara: intentar convencer aos galegos e ás galegas de que lles preocupan os desempregados e as desempregadas.

Xa nos orzamentos de 2011 deixaron de executar 160 millóns de euros en

políticas activas de emprego. Quero subliñar aquí que deses 160 millóns de euros, 44 eran para contratación de persoas en situación de desemprego que non perciben ningunha prestación polas entidades locais, así como para obradoiros de emprego. 44 millóns para contratar persoas que non cobran ningunha prestación e para obradoiros de emprego. O que pasou con eses 44 millóns de 2011 foi que non se executaron, é dicir, non se investiron, non houbo obradoiros en ningunha cidade de Galicia. Moitos desempregados e desempregadas non puideron ter un emprego porque non investiron estes 44 millóns de euros.

Poderían pensar vostedes que esta cantidade quedou para enxugar o déficit por isto dos recortes e da austeridade; pero non, estes corenta e catro millóns llos teñen que devolver ao Estado porque son finalistas. A desidia e a incompetencia do Partido Popular fixo que non se contrataran a esas persoas que tanto o necesitaban.

Hoxe vimos aquí reclamar iso, reclamar que nos orzamentos de 2012 se contemplan estes fondos porque os que hai previstos para o 2012 estanse recortando pola Xunta nun 96% e o Estado acaba de recortar un 99%. Se están comprometidos 64,8 millóns de euros que solicitamos por esa orde da Xunta de Galicia todos os concellos, de onde van saír os cartos? Como se van contratar eses 113.000 desempregados e desempregadas se non se contemplan eses fondos?

Señores do Partido Popular, insistímoslles dende Concello de Vigo en que lle teñen que dicir ao seu partido que se preocupe de verdade dos desempregados e das desempregadas, que utilicen políticas keynesianas como fai o alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, cos seus conveciños e que insten á Consellería de Traballo e Benestar para que, mediante a ampliación da Orde de cooperación Xunta de Galicia-corporacións locais, se achegue unha partida específica, señores do Partido Popular, de polo menos cinco millóns de euros para a contratación de desempregados e desempregadas da nosa cidade para realizar servizos á comunidade e que así poidan ter unha ocupación no noso Concello tendo en conta o seu volume de habitantes e de desempregados.

SR. ALONSO PÉREZ: No Pleno pasado, discutindo unha moción sobre a reforma laboral, eu anticipaba e dicía que é mentira que despedindo máis barato se

consiga crear emprego. Hai que dicir claro que é unha auténtica mentira que abaratando os salarios se saia da crise. Estas son xustificacións para recortar os dereitos da maioría social. A realidade é que despedir máis barato só trae máis desemprego, baixar os salarios castiga aos traballadores e ás traballadoras e o resto é mentira. Pero o que é máis grave é que baixando os salarios estase comprimindo a economía e ao final os comerciantes e os pequenos empresarios continúan afondando na crise.

Por desgracia era fácil acertar que isto ía acontecer, que a reforma laboral traería máis desemprego; era fácil porque se baseaba en algo fundamental cando se argumenta, baseábase na razón. Por que se facía a reforma laboral? Para abaratar salarios e baixar as condicións laborais dos traballadores, non era para crear emprego. Por iso e por desgracia era fácil acertar.

Por iso nunca acerta o Partido Popular. O Sr. Figueroa nunca acerta porque nunca basea a súa argumentación nas razóns de por que se fan as cousas, faino por olfacto e ten un olfacto fatal. Cando iniciamos o anterior mandato o Sr. Figueroa dicía por olfacto: "O PP cre que Caballero se desfará de Domínguez para chegar só ás eleccións". Dicía por olfacto que o goberno anterior non duraría nada. Agora tamén por olfacto acaba de dicir que o BNG aproba os orzamentos municipais porque vai entrar no goberno; faino por olfacto e erra sempre porque cando se fan as cousas o BNG fainas por razóns, por argumentacións. O BNG aprobou os orzamentos porque o Partido Socialista aprendeu a lección e en cousas que se equivocaba rectificou por propostas do BNG.

Unha das condicións que puxemos para aprobar os orzamentos foi que o Partido Socialista tiña que recoller máis de cinco millóns de euros para emprego porque este é o primeiro problema da sociedade. Foi esta unha condición que puxo o BNG e o Partido Socialista aprendeu a lección e achegouna aos orzamentos. As decisións do BNG baséanse en razóns e en argumentacións, non en olfacto.

Cando propoñemos isto somos conscientes que dende o Concello de Vigo non imos solucionar o principal problema que ten a sociedade porque as institucións que realmente teñen competencia e o poden facer, están mirando cara outro lado, non atenden ao primeiro problema que ten a sociedade. O Partido Popular está gobernando a Xunta e é quen ten competencia en emprego.

Antes dicía o Sr. Rodríguez Díaz algo que eu tiña previsto para a miña

intervención: é vergoñento que o partido que ten a responsabilidade do emprego deixe de executar 160 millóns de euros para a promoción de emprego no orzamento do 2011. Como é vergoñento escoitalle ao conselleiro de Industria, sector no que máis está incidindo o desemprego na nosa cidade, o sector naval, que hai que ir Bruxelas manifestarse cando hai cinco meses dicía que a culpa a tiña o goberno central. Agora que eles teñen a competencia, agora que están no goberno central, son incapaces de solucionar o problema do Tax Lease.

O BNG podería botar a culpa do desemprego aos responsables, ao Partido Popular e ao Partido Socialista que tamén gobernou no Estado, e cruzármolos de brazos, pero esa nunca é a posición do BNG. Se podemos contribuímos aínda que sexa cun grao de area a que o problema do desemprego teña solución e por iso propuxemos os cinco millóns de euros que, como se sabe, non se contemplaban no orzamento inicial do Partido Socialista, contemplábanse menos de dous millóns de euros.

O BNG cando actúa faino por razóns e non por olfacto. Por desgracia os que actúan por olfacto se equivocan unha e outra vez.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: A vostedes encántalles falar da teoría económica e política keynesiana, deberon sacar os apuntamentos do *"Rincón del vago"*, viron catro ideas e parecéronlles as axeitadas, pero realmente a teoría económica keynesiana xurdiu como resposta á gran depresión dos anos trinta. Vostedes non son a resposta á depresión que está a sufrir este país, foron a causa. Demostrárono cando gobernaron no goberno central e estano demostrando actualmente porque hai máis de 33.000 parados en Vigo.

O pleno emprego no ano 2007 prometeuno o Sr. Caballero. Nós non temos constancia nin polas hemerotecas, nin por ningún medio de comunicación que o Sr. Núñez Feijóo prometera solucionar o problema do paro en Galicia en corenta e cinco días. Iso debe estar na hemeroteca do Sr. Rodríguez Díaz porque a nós non nos consta, pedímoslle o escrito en máis dunha ocasión por veren de onde sacaba ese dato e aínda non o temos no noso poder; débeo ter gardado na súa hemeroteca persoal.

Non foi o Partido Popular quen ao entraren no goberno prometeu o pleno emprego no ano 2007, herdou unha situación caótica e de ruína debido á súa

mala xestión. Non esquezan que os culpables da xestión desa política keynesiana da que tanto falan son vostedes, a herdanza que nós recibimos é a súa.

O pleno emprego prometeuno D. Abel Caballero cando entrou no goberno e o Sr. Rodríguez Zapatero cando entrou no goberno.

A intervención da Sra. García Míguez é interrompida novamente polos afectados por un desafiuzamento presentes no salón do Pleno, indicándolles a Presidencia que contra a súa vontade tería que mandar desaloxar o salón. Igualmente manifesta que se falará con estes afectados ao rematar o Pleno.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Vostedes pídenlle cinco millóns de euros á Xunta de Galicia para emprego. Poderían aumentar esta cifra, poderían pedir dez, quince ou moitos máis millóns de euros porque cremos que o emprego é unha necesidade por mor da situación que estamos a vivir.

O que nos sorprende é que cando o Partido Popular presentou unha emenda ao orzamento pola que pedíamos expresamente un plan de apoio a emprendedores por un millón de euros, vostedes non votaron en contra senón que rexeitaron ese incremento dun millón de euros para o seu orzamento de emprego, co que tampouco entendemos moi ben como lle piden agora á Xunta cinco millóns de euros.

Tampouco nos queda moi claro por que queren este incremento cando no borrador do orzamento inicial que vostedes propoñían para este ano 2012 incluían practicamente a mesma cantidade ca do ano anterior, era practicamente a mesma cantidade a do ano 2012 ca do ano 2011. Pero claro, lle tiveron que facer o pesebre ao Bloque Nacionalista Galego para que lles aprobase os orzamentos e así incrementaron a partida en cinco millóns de euros.

Si houbo un incremento notable pero o problema deste incremento é que lles veu grande porque non teñen un contido nin un proxecto concreto en materia de emprego. De feito no orzamento aparece nunha partida de 1.500.000 euros, o novo convenio do Plan de emprego municipal, que non sabemos nin a que vai destinado, nin onde, nin a quen, nin como..., non se sabe moi ben cal é o contido. Exactamente igual con outros novos convenios do Plan de emprego municipal por importe de 750.000 euros, pero un Plan de emprego municipal que non existe

porque o do ano 2011 xa rematou. Pedímoslles hai un par de meses que elaborasen e aprobasen o novo plan de emprego 2012-2015 e votaron en contra. Non hai proxecto, non teñen un programa específico, non teñen iniciativas e dende logo cremos que deberían ser moi serios con este tema porque somos a cidade de Galicia con máis paro e deberían darlle contido e non só pedir diñeiro alegremente sen saber para que.

Recoméndolles que revisen o Plan de emprego do Concello de O Porriño que ten unhas iniciativas estupendas e toda a provincia está mirando o seu traballo. Creo que vostedes poderían facer un “corta e pega” que lles viría moi ben.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Léolle un recorte de prensa: “Feijóo esquece a súa promesa de pleno emprego, pero si se lembra da de Zapatero”. O bo que teñen as tecnoloxías é que podemos ler esta nova aínda que non teñamos o recorte.

Sra. Míguez e señoras e señores do Partido Popular, a vostedes lles preocupan os parados e as paradas de Vigo ou non? Está moi claro que non. Xa sabemos que o emprego non é unha prioridade para o Partido Popular.

Vostede falou de absolutamente todo e de nada. É incapaz de dicir que o seu partido poida incrementar unhas partidas para investir aquí, como xa lle demostrei na miña anterior intervención.

Levan catro meses de goberno e vostedes si que teñen sumidos a todos os españois nunha total depresión, porque ademais dos recortes que lles están facendo a todos, que non axustes, seguen anunciando que van facer máis. Cales serán os próximos recortes deste venres, señores do Partido Popular? Van quitarlles prestacións aos desempregados? Porque se hai menos orzamento para desempregados e vai haber 631.000 desempregados máis, como vai ser posible pagarlles? Vanlles recortar a súa prestación en tempo? En cartos? É ese o próximo recorte que van facer?

Algo que si é preocupante e ao que vostedes non fixeron referencia, é que corenta e catro millóns de euros se lle devolvan ao Estado porque non poden ser utilizados para ningunha outra cousa porque son fondos finalistas e non foron investidos en contratar homes e mulleres co que ao mellor evitarían problemas coma os que se están manifestando aquí. Ao mellor con algún contrato por estes corenta e catro millóns impedirían que a algunhas destas persoas que están aquí

os botasen da casa porque poderían pagar a hipoteca. E devolveron corenta e catro millóns de euros, Sra. Míguez.

A proba de que non lles importa o emprego é que a propia Federación Española de Municipios na súa sesión da semana pasada lembroulle ao goberno do Sr. Rajoy que debe meter mil millóns de euros para políticas activas de emprego porque non metía nin un euro; a propia FEMP con maioría do Partido Popular.

Vostedes son unha estafa, aquí fixeron un espolio con Caixanova con centos de parados, traballadores e traballadoras de Caixanova e seguen cargando contra esta cidade, dándolle as costas a cada minuto.

Cantos empregos se crearían coa parte dos corenta e catro millóns de euros que lle tocaría a esta cidade? Fagan números, señores e señoras do Partido Popular, e preocúpense un pouco dos desempregados deste país.

A PRESIDENCIA: Admítese a trámite a emenda?

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Non, en todo caso que lle fagan a emenda ao Sr. Núñez Feijóo que é quen ten as competencias.

A emenda formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, non foi aceptada polo relator da moción polo que a Alcaldía-Presidencia non a someteu a votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE,

Sr. Rodríguez Díaz, instando á Xunta de Galicia instando á Xunta de Galicia a incorporación dunha partida de cinco millóns de euros para a contratación de desempregados para servizos á comunidade en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (80).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de marzo e 26 de abril de 2012.

1.2.- (81).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de marzo e 26 de abril de 2012.

1.3.- (82).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17 DE ABRIL, POLA QUE SE NOMEA REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de abril, número 453/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular comunica os membros do devandito grupo que formarán parte da Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

De acordo co anterior, por decreto de data 17 de abril a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do 8.07.2011, prestaba aprobación á proposta da Alcaldía de data 05.07.2011, de distribución dos 15 concelleiros que debían representar ó Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, facultando á Alcaldía o seu nomeamento, que se fixo efectivo mediante posterior Resolución de data 09.08.2011.

En data 16.04.2012, o voceiro do grupo político municipal do Partido Popular presentou no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno, escrito no que constan determinados cambios nos membros que corresponden a dito grupo político na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, circunstancia que provoca a modificación parcial do primeiro apartado da Resolución de data 09.08.2011; polo que de conformidade co previsto no RD 2568/1986, do 28 de novembro,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar parcialmente o apartado primeiro da Resolución da Alcaldía, de data 09.08.2011, nomeando aos seguintes concelleiros do grupo político municipal do Partido Popular representantes da Corporación na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo:

Titulares:

- José Manuel Figueroa Vila
- Marcos Araújo Pereira
- Teresa Egerique Mosquera
- Miguel Fidalgo Iglesias
- Marta Iglesias Bueno
- José Luis Álvarez Pérez
- Antonio Bernárdez de Dios

Segundo.- Comunicar a presente Resolución á Mancomunidade da Área

Intermunicipal de Vigo.

Terceiro.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Cuarto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que tome coñecemento da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (83).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A HABILITACIÓN DE TERREOS PARA A POSTA EN MARCHA DE PUNTOS LIMPOS. EXPTE. 327/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de outubro de 2011, número 327/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Egerique Mosquera, formula a seguinte moción:

“O Plan Xeral aprobado hai máis de tres anos contempla oito zonas na cidade nas que poder situar e instalar unha serie de “Puntos Limpos”. Esas zonas son Costa Castrelos, Polígono Industrial de Matamá-Valladares, Carrasqueira en Coruxo, Cereiro en Cabral-Candeán, e no Polígono Industrial de Reciclaxe en Bembrive.

A día de hoxe Vigo non conta con ningún “Punto Limpo” nin proxecto para o emprazamento dalgún dos oito contemplados no Plan Xeral. Parécenos unha

S. Ordinaria 30.04.12

irresponsabilidade medioambiental que en pleno século XXI, a primeira cidade de Galicia non teña nin un só “Punto Limpo”. É habitual atopar na rúa residuos e obxectos voluminosos, amoreados sen control, danando a imaxe da cidade e danando o medio ambiente.

De nada vale presumir de cidade sostible se non temos un dos piares básicos nunha gran cidade para preservar o medio ambiente, como é un “Punto Limpo”. A desidia, “pasotismo” e falta de xestión en materia de medio ambiente por parte do Goberno Municipal é clara e notoria.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a que se habiliten os terreos necesarios para poñer en marcha os Puntos Limpos da cidade”.

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 24 de outubro de 2011, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rivas González, por escrito de data 30 de abril:

Engadir ao texto da moción: “...de acordo coas previsións do PXOM”.

DEBATE.- SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Faremos agora un pouco de xestión municipal que creo que é o que nos une a Vigo como concello.

É bastante lamentable ter que recuperar un tema que moitos de vostedes xa coñecen porque foi argumento como mínimo dunha das mocións do Partido Popular na pasada lexislatura. Moitas veces falamos aquí de que as persoas pasamos, de que quedan os feitos pero neste caso pasaron catro anos e seguimos sen punto limpo e por iso, a través dunha moción, vimos de novo reclamalo aínda que xa perdemos a esperanza de lograr os oito puntos limpos que prometeron porque xa nos parece demasiado.

A min gústame moito o dito de que “unha imaxe vale máis ca mil palabras” e aquí quero dicir que “un feito vale máis ca mil promesas” porque se de algo pode presumir este goberno municipal é de prometer moito e facer pouco.

O caso do punto limpo é específico e moi claro. Por se acaso vou lembrar a historia dos puntos limpos inexistentes en Vigo, de paso lembrarei aos concellos da provincia que si teñen punto limpo porque parece que ás veces, cando o

alcalde fala de concellos da provincia, desprézaos e neste caso teñen políticas medioambientais bastante máis decentes cas deste Concello. Son Mondariz-Balneario, Vilagarcía, O Rosal, Cambados, Arbo, O Grove, Forcarei, Lalín, A Estrada e en pouco tempo Nigrán. Todos estes concellos teñen punto limpo xa instalado.

O punto limpo é unha ferramenta moi útil para o cidadán e por iso nós esixímolo a través desta moción porque cremos que é lamentable que Vigo non teña ningún.

Todos sabemos xa que Vigo é a cidade máis poboada, cidade fermosa que tamén din algúns. É verdade, non discutimos que é fermosa e que está moi bonita pero non ten punto limpo nin se lle agarda e cremos que iso é unha pura falla de xestión. Ademais aquí demóstrase perfectamente porque levamos unha hora e media de Pleno falando do desgobierno total desta cidade, facendo oposición directamente ao Partido Popular pero sen falar do goberno municipal e das cousas que non se fixeron. En tres minutos a Sra. Díaz falou de todo o que fixo o Partido Socialista no goberno, pero non abondarían nin cen Plenos para falar do que non fixeron porque faltan moitas cousas.

Aprobouse o Plan Xeral e quedaron previstas oito zonas para situar puntos limpos. Quedaron previstas instalacións de punto limpo en Castrelos, Matamá, Valladares, Coruxo, Candeán, Bembrive e dous en Cabral, pero quedaron no plano porque, ao igual que os ámbitos restantes, nin existen e nin se lles agarda. Ogallá que alguén na réplica nos diga que si que hai un proxecto e que se vai instalar.

Non sei de que valen as campañas de concienciación, os cartos investidos en campañas de información medioambiental se despois os cidadáns non teñen as ferramentas necesarias para levalas a cabo.

Teño que felicitar aquí ás asociacións veciñais que no caso de aceites usados os recollen voluntariamente para facer xabróns, xa que non hai un servizo municipal concreto para este servizo.

Eu falo de puntos limpos, de *tonners*, metais, lavadoras, electrodomésticos que se deixan ao carón dos colectores e pásanse a recoller. Moi ben, ese servizo funciona perfectamente, ninguén o discute pero un punto limpo como tal é unha estrutura determinada cun control de acceso para saber quen recicla e quen non,

para saber que materiais son os que a xente desbota da casa. É necesario saber iso porque se alguén fai algunha reparación e ten que tirar un bote de pintura nun colector sen control, iso é moi daniño para o medio ambiente.

Polo tanto e como dixeron, de nada nos valen as campañas e presumir de Rede de cidades españolas polo clima se non facemos un punto limpo e llo explicamos aos cidadáns, que realmente teñen conciencia de reciclaxe xa que o ano pasado reciclaron 10.300 toneladas de vidro, papel e envases lixeiros; é dicir, existe conciencia en Vigo de coidado do ambiente. Nós dende o Concello e vostedes dende o goberno deben poñer as ferramentas necesarias para que isto siga adiante, senón faremos desta cidade un desastre.

Os técnicos din que non é necesario un senón dous puntos limpos.

Nós na moción instamos a que se habiliten os terreos, a que se busquen fórmulas para que se constrúa e que non pasen os tres anos que quedan de lexislatura sen punto limpo como pasaron os catro anteriores e así seguimos igual.

Xa que falou o Sr. Rodríguez Díaz do número de habitantes, eu tamén referireime a el porque parece mentira que concellos limítrofes, que non teñen nin a cuarta parte de habitantes que Vigo, teñan esa estrutura deseñada e construída e nós en Vigo con 300.000 habitantes non teñamos ningunha e teñamos que recorrer ao teléfono, á chamada, á recollida puntual que funciona pero que non é a solución.

Instamos á construción xa, sen máis demora, dun punto limpo na cidade de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: A compañeira, Sra. Egerique, debe equivocarse cando di que a cuestión do emprego, da sanidade e da educación non son temas municipais. Supoño que se equivocaría porque sería moi grave dicir que o desemprego, que é o maior problema que teñen os cidadáns neste momento, non é un tema municipal. Outra cousa é que non guste escoitar que a administración fundamentalmente responsable non o atenda.

O BNG imos aprobar a moción porque cremos que en cuestións medioambientais o goberno ten que facer moito máis. Vigo precisa de máis dun punto limpo, é unha necesidade. Pódese facer máis en reciclaxe porque non toda a política medioambiental debe xirar en torno ás campañas de desaparición ou persecución das gaivotas, que está ben, hai demasiadas gaivotas, pero cremos

que en política medioambiental é posible aumentar as 10.000 toneladas de reciclados con campañas, cada tonelada que non vai ao reciclaxe é menos diñeiro que se lle paga a Sogama.

Efectivamente, como o punto limpo é unha necesidade, imos votar a favor da moción do Partido Popular.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sra. Egerique, agrádame que presente esta moción porque me vai dar pé para falar da xestión municipal, diso este goberno socialista pode falar moito.

Parece que o Partido Popular non está moi ao tanto do que é a limpeza nesta cidade que se recoñece pola OCU como a cidade máis limpa de Galicia, cando no ano 2000 era unha cidade máis sucia. Na actualidade podemos dicir que é unha das cidades máis limpas porque isto está avalado pola obtención de dúas “Vasoiras” de platino consecutivas, podemos falar polo tanto de limpeza.

Cando falamos de puntos limpos claro que temos que falar de limpeza. Creo que vostede descoñece o que isto significa nesta cidade. Creo que lle pasa como á Sra. Bravo Bosch, delegada da Xunta, quen cando falaba de investir vinte e un millóns de euros en Vigo, falaba de Salvaterra, confundía un pouco o que é a cidade de Vigo. Creo que iso é o que lle pasa a vostede.

Voulle facer un repaso de todo o que hai nesta cidade. Á data de hoxe hai un depósito para os residuos de toda a cidade. Houbo unha intensiva campaña de sensibilización na que participaron todos os cidadáns e todo o sistema de reciclaxe tivo unha gran acollida e queremos que Vigo siga estando á cabeza neste tema.

No noso Concello contamos cun programa de recollida selectiva ao que se lle pode chamar “Punto limpo móbil” polo número de servizos que presta a domicilio a todos os vigueses e viguesas.

Como creo que vostede non o sabe, Sra. Egerique, téñolle que dicir que esta cidade conta cun servizo de recollida de residuos sólidos con colectores ao longo de toda a cidade, conta con máis modernos equipos, uns en superficie e outros soterrados. Temos tamén un servizo de recollida deses residuos voluminosos que vemos moitas veces: mobles, electrodomésticos de liña branca, madeiras..., que funciona sinxelamente cunha chamada telefónica. Existen dous puntos de

recollida dos RAEs, eses pequenos electrodomésticos e aparatos electrónicos: no Parque central de Lavadores e no camiño do Caramuxo.

Contamos con máis de 650 illas de reciclaxe para a recollida de vidro, envases lixeiros e cartón, así como de baterías, acumuladores e baterías de móbil que están distribuídas por toda a cidade funcionando perfectamente. Hai un servizo a domicilio de recollida de ramas e restos de podas. Hai preto de douscentos “*sanecáns*” repartidos por todos os parques, zonas verdes e prazas ao longo da cidade. Hai un servizo de recollida dos RCDs, residuos de construción, que se facilita un servizo integral cunha chamada telefónica, servizo co que estamos realmente contentos polo seu funcionamento.

E, como non Sra. Egerique, o punto limpo que vostede pide na súa moción xa existe dende hai varios meses nesta cidade, está funcionando e nel todos os veciños e veciñas de Vigo poden depositar todos eses residuos dos que falaba vostede: o bote da pintura, aceites, vernices, baterías, plásticos, téxtiles, aerosois, fluorescentes... Pero o máis importante é que un servizo a custe cero. Ese servizo que vostede pide xa está funcionando e ademais perfectamente.

Todo isto faise para teren unha fermosa cidade e o goberno socialista traballa acotío por conseguilo.

Sra. Egerique, lémbrolle que vostedes co goberno da Sra. Porro tiveron a oportunidade de situar un punto limpo na cidade. De feito o 25 de outubro de 2004 nun Pleno vostedes aseguraron que a instalación estaba próxima, sen embargo tivo que vir o noso goberno poñelo en marcha.

Saben que os sitios que vostedes propuxeron non son viables porque o Plan Xeral os contempla pero ao día de hoxe aínda hai que desenvolver eses PERIs.

Sra. Egerique, deixen de enganar aos vigueses porque nin vostedes mesmos cren no que están dicindo, de feito esta moción asinada no mes de outubro preséntana no día de hoxe.

Vostedes teñen temas máis importantes nos que deberían traballar, como é a defensa dun hospital público, un plan de emprego, a defensa da calidade pública, as garderías, a área metropolitana.

Para apoiar a súa moción teríámoslle que engadir unha emenda.

A PRESIDENCIA: Sra. Egerique, presentouse unha emenda polo Grupo Socialista.

Se lembra pronunciarse sobre ela agradecerémosllo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Eu tiña a esperanza que dende outubro se fixese algún punto limpo e por iso agardei ata agora, pero vendo que non avanza non me quedou máis remedio que presentar esta moción.

A emenda vai de acordo coas previsións do Plan Xeral e, como dixo o Sr. Rivas, son PERIs privados, e tal como está a economía e como vai o desenvolvemento do Plan Xeral, que non vai cara adiante, non a imos aceptar porque hai que buscar fórmulas, pode sacarse a concurso. O punto limpo pódese facer doutra maneira e non só porque estea contemplado no Plan Xeral.

O que dixo vostede sobre que nós moito dixemos e non fixemos... os que dixeron foron vostedes que prometeron oito lugares de puntos limpos.

Estou de acordo con todo o que dixo vostede, que o servizo de recollida por teléfono funciona ben, é verdade que se pode deixar toda a “chatarra” preto dos colectores e chamar e que a vaian recoller, pero é que o punto limpo ten algo que non ten iso que é o control específico de quen recicla.

O punto limpo ten que ser unha nave habilitada como tal, ademais se presentou así cando a Sra. Díaz era concelleira que presentou un local habilitado provisional ata a construción dos puntos limpos.

Aquí non imos dicir que hai puntos limpos onde non os hai porque entón non sei quen os ten que poñer.

Os que hai non son puntos limpos construídos como tales. Calquera técnico, calquera persoa que saiba de medio ambiente sabe que se queremos ser unha cidade de futuro como presumimos, unha cidade avanzada que vaia cos tempos, temos que nos adaptar. Non parece presentable e si é moi lamentable que a estas alturas nesta cidade de 300.000 habitantes non teñamos nin un só punto limpo.

As políticas medio ambientais son tamén moi necesarias. Nós acotío recibimos queixas sobre vertedoiros incontrolados porque a xente non está informada.

Se facemos campañas de concienciación, de coidado do medio ambiente que son necesarias porque temos que pensar no futuro, porque os nosos fillos terán que vivir nunha cidade máis limpa, claro que si, teremos que facer campañas dotadas de ferramentas porque senón non teñen ningún sentido.

Non podemos falar de punto limpo cando este está nunha nave instalada provisionalmente e sen cumprir as necesarias características e requisitos fundamentais.

Insistimos en que Vigo necesita non un punto limpo, senón dous e se son os oito moito mellor, son os necesarios e os que vostedes prometeron. Eu xa dixen que un feito vale máis ca mil promesas e un punto limpo valerá moito máis ca oito nun mapa.

O que solicitamos está na moción, non nos imos saír de aí porque a emenda que presentan, coas previsións do Plan Xeral, os PERIs aos que se refire son privados e, tal e como está a economía agora, se agardamos ao que di a emenda igual temos que agardar máis anos e este punto limpo ten que ser inminente.

A anterior emenda formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rivas González, non foi aceptada pola relatora da moción polo que a Alcaldía-Presidencia non a someteu a votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Egerique Mosquera, instando a habilitación de terreos para a posta en marcha de puntos limpos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (84).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO QUE O CONCELLO, POR MEDIO DA PARTICIPACIÓN NUN PROXECTO "SMART

CITY”, SE INCORPORE Á REDE DE CIDADES INTELIXENTES. EXPTE. 421/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de marzo, número 421/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte moción:

“A Unión Europea leva anos tentando o crecemento intelixente e eficiente das nosas cidades, por iso xa hai un modelo creado baseado en seis eixos chamado “Smart City”.

En España xa hai tres cidades co modelo “Smart City” implementado e moitas máis estano a poñer en funcionamento como pode ser o caso da cidade da Coruña.

Un proxecto deste calibre busca a eficiencia e a innovación nas diferentes áreas operativas dunha cidade, afectando a modelos de goberno económico, aos cidadáns á mobilidade, ao contorno da cidade e á calidade de vida. Traballando así en áreas como medioambiente, enerxía mobilidade urbana, sanidade e seguridade, turismo ocio e administración electrónica.

Para Vigo entrar nun proxecto destas características pode supoñer un investimento de preto de quince millóns de euros, dos cales o 70 por cento poden ser achegados pola Unión Europea.

Nestes momentos consideramos que a actual situación da cidade propicia buscar modelos orientados á xeración de valor engadido por medio da innovación e da procura da eficiencia para tentar solventar parte dos graves problemas cos que nos atopamos.

Por todo isto, o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Concello de Vigo a que faga unha análise das necesidades reais nos termos Smart City e que incorpore, por medio da participación dun proxecto Smart City, á cidade de Vigo para formar parte da rede española de cidades intelixentes.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 19 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ PÉREZ: O Grupo municipal Popular presenta esta moción diante do Pleno debido á carencia de estratexia en canto a un modelo de

crecemento sostible para Vigo.

Actualmente a Unión Europea pretende que as cidades teñan un modelo de crecemento baixo un marco común baseado nestes seis eixos: economía sostible, a xeración dun modelo económico sostible para a cidade de Vigo e o seu contorno, básico para o turismo, para a calidade de vida, para o benestar, para un modelo de vida afectando ao modelo laboral e industrial da cidade, modelo de mobilidade falando de tráfico, accesibilidade, aparcadoiros, sinalización; a xente, os modelos sociais e culturais que forman parte da idiosincrasia da cidade; goberno aliñado con este concepto, con este modelo, con esta forma de construír Vigo. A Unión Europea leva anos intentando o crecemento intelixente e eficiente das nosas cidades e por iso xa hai un modelo creado chamado “Smart City” baseado nesas seis eixos.

En España xa hai tres modelos, tres cidades co modelo “Smart City” posto en funcionamento, outras cunha posta parcial e outras moitas están a poñelo en funcionamento como pode ser o caso da cidade da Coruña.

Un proxecto deste calibre busca a eficiencia e a innovación continua nas diferentes áreas operativas dunha cidade afectando ao modelo de goberno, ao modelo económico, aos cidadáns, á mobilidade, ao contorno da cidade e á calidade de vida traballando así en áreas como o medio ambiente, a enerxía, a mobilidade urbana, a sanidade, seguridade, turismo, lecer e administración electrónica.

Para Vigo entrar nun proxecto destas características pode supoñer un investimento de preto de 15 millóns de euros dos que o 70% pode ser achegado pola Unión Europea.

Como se poden gastar 11 millóns de euros en beirarrúas coa intención de xerar emprego temporal por un par de meses e non abordar un investimento de gran calado para a cidade con 15 millóns de euros, permitindo o emprego estable a longo prazo de alto valor engadido e frear así o éxodo masivo ao exterior dos nosos licenciados e enxeñeiros?

Por que A Coruña si pode ter 11 millóns de investimento nun proxecto destas características e Vigo, cando a decisión depende unicamente do alcalde, non o ten? Por que o alcalde rexeita 15 millóns de euros de investimento? Como pode ser que gracias ao goberno de Vigo perdésemos o liderado económico, a nosa

Alcaldía perdese peso político e aínda por riba, debido á falla de operatividade que ten o goberno, pretenden que perdamos o liderado en innovación e tecnoloxía a favor do norte de Galicia? Por que non pensan en modelos estratéxicos sobre os que traballar por Vigo? Quizais porque a limitación en materia estratéxica do goberno de Vigo o que está provocando é o afundimento da cidade e abocármonos ao ostracismo máis profundo?

Consideramos que a actual situación da cidade propicia buscar modelos orientados á xeración de valor engadido por medio da innovación e a procura da eficiencia para intentar solventar parte dos graves problemas cos que nos atopamos.

Dende o Partido Popular consideramos urxente e importante calquera achega que sirva para incentivar, fomentar, arrancar ou pular calquera modelo económico sostible, moito máis no caso de que a actividade proposta teña unha contribución importante para incrementar o valor engadido da economía da cidade de Vigo.

Dende o Partido Popular consideramos urxente e importante calquera iniciativa que sirva dende un punto de vista económico para paliar, evitar, conter ou reducir o empeoramento da maltreita economía de Vigo. Consideramos urxente e importante calquera iniciativa que sirva dende un punto de vista laboral para permitir aos vigueses traballar para e por Vigo, evitando así o éxodo masivo de capital humano que tanto nos custou formar e reducindo a inxente lista de 32.000 parados.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Instar ao Concello de Vigo a que faga unha análise das necesidades reais nos termos “Smart City” e a que o Concello achegue, por medio da participación nun proxecto “Smart City”, á cidade de Vigo para formar parte da Rede Española de cidades intelixentes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Parécenos axeitada esta moción. Sempre que o Partido Popular traia a este Pleno iniciativas tendentes a mellorar a capacidade innovadora e de eficacia da nosa cidade, parécenos axeitado.

Sen dúbida os proxectos “Smart City” son un instrumento importante en materias como eficiencia e xestión enerxética, como así o ten a cidade de Málaga, en materias como a economía de crecemento, turismo e actividades culturais, como

en sanidade e atención persoal; tamén hai unha cidade española, Granada, que está traballando neste sentido; tamén hai redes “Smart City” que traballan e afondan no transporte e na mobilidade urbana.

Pensamos que Vigo si reúne as características necesarias que aparecen enmarcadas nos requisitos das cidades “Smart City”. Un destes requisitos é unha destas condicións é a de ter unha presenza moi forte na súa Universidade. Disto quero falar.

Está moi ben esta moción, pero cando se fala de I+D+i, de innovación e de eficacia, hai que apoiar, señores do Partido Popular, ás nosas universidades. Os recortes en I+D+i que vostedes fixeron dende a Xunta de Galicia nesta materia dentro das universidades foi bestial. Efectivamente os nosos investigadores, e que llo digan aos nosos rapaces que rematan unha licenciatura e que se queren poñer investigar, non poden facelo nas universidades galegas na proporción que antes o facían.

Dentro das “Smart City” tamén hai un compoñente moi importante da sustentabilidade e do aforro e da eficiencia enerxética. Pero Vigo ten xa un instrumento que ven traballando e moito durante anos nesta eficiencia e aforro enerxético. Ese instrumento é a Fundación Municipal da Axencia de Enerxía, FAIMEVI, de onde o Partido Popular se marcha, abandona a súa presenza nesta axencia.

Parécenos polo tanto moi ben que se traballe para que Vigo poida estar dentro desa rede de cidades, pero calquera cidade das que hoxe están poñendo en funcionamento esta rede “Smart City” conta coa axuda da autonomía correspondente, do goberno correspondente e das universidades e axencias municipais ou autonómicas. Así por exemplo son os casos de Valladolid e Palencia que se unen nun proxecto “Smart City” de eficiencia enerxética e a propia comunidade pon ao seu servizo unha axencia de enerxía autonómica para traballar conxuntamente con estas dúas cidades.

Repito que Vigo ten unha Fundación municipal da enerxía que ven funcionando e traballando moi ben, que ven asesorando mesmo a concellos do seu contorno; unha axencia de enerxía que a propia Deputación provincial do Partido Popular abandona e nin sequera quere achegar esa mínima cota que se lle esixe.

Parécenos moi ben a innovación pero hai que empezar, señores do Partido

Popular, a apostar pola innovación, pola eficacia e polas cidades intelixentes apostando por aquelas institucións que poden dar un pulo a isto como son a propia Universidade de Vigo ou a propia FAIMEVI.

Repito que a nós si que nos parece importante e por iso aquí tamén lle pedimos ao goberno local que xa vai sendo hora de que empecen espertar e tamén de que non se amporen unicamente en que estamos en crise e que tamén poñan enriba da mesa iniciativas.

Dentro do modelo “Smart City” temos a posibilidade de entrar moi directamente coa promoción do noso turismo, traballando en colaboración coa “Convention Vigo Bureau” da que nos últimos meses pouco se está sabendo. Temos a oportunidade de presentar proxectos de aforro enerxético e para iso que os señores de goberno local tamén esperten incentivando á nosa axencia de enerxía. Tamén podemos formar parte de proxectos de mobilidade urbana e de racionalización dos usos dos nosos aparcadoiros que nese sentido, señores do goberno local, cero ou case cero.

En definitiva, o que si tamén lle pedimos ao goberno local é que traballe pola singularidade desta cidade e que teña ideas creativas para que esta cidade siga apostando por todas estas características. Un bo instrumento si que pode ser o modelo “Smart City” e por iso o BNG vai apoiar esta moción do Partido Popular.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Faltaba un mes para as eleccións da Xunta de Galicia cando o daquela candidato, D. Alberto Núñez Feijóo, na praza do Obradoiro facía un contrato público coa sociedade de catorce principios. Nel dicía que remataría co problema do paro en corenta e cinco días. Nas hemerotecas están as mentiras do Partido Popular.

Señores do Partido Popular, nós imos apoiar esta moción porque xa a estamos apoiando, xa estamos facendo un estudo nesta cidade de “Smart City” e, por suposto, somos máis ambiciosos e máis creativos ca vostedes e a nós non nos abonda once millóns para comezar.

Nós si apostamos pola innovación, pola investigación e polas enerxías renovables. Vostedes acaban de paralizar todo o apoio ás enerxías renovables en España. En España goberna o Partido Popular e vostedes reduciron en investigación e en innovación nos orzamentos xerais do Estado un 25%. Vostedes

non cren nin nas novas tecnoloxías, nin nas cidades intelixentes, nin por suposto tampouco na investigación, nin na universidade e por iso con estes orzamentos están castigando tanto á educación, á formación e á universidade.

“Smart City” é unha cidade intelixente, sustentable e socialmente válida que se basea en tres características principais: non danar o medio ambiente, utilización de novas tecnoloxías da información e da comunicación e o fin último debe ser sempre un desenvolvemento sustentable.

As tecnoloxías da información son clave nesta cidade e por iso nós estamos traballando en novas tecnoloxías e implantamos en toda a cidade unha rede wiffi que nestes momentos xa funciona na praza de América, na praza da Independencia, na zona peonil do Calvario, no Casco Vello e antes de que remate este semestre en toda a zona urbana da cidade.

Administración electrónica: iso é unha cidade intelixente e por iso nós na cidade temos unha administración electrónica onde podemos tramitar os expedientes, onde nestes momentos existen procedementos por vía internet: rexistro electrónico que está aberto as vinte e catro horas do día, os trescentos sesenta e cinco días do ano, información de trámites, tarxeta cidadá. Todo isto lles supón aos vigueses e viguesas un aforro dun millón e medio de euros.

Nós traballamos para os vigueses e para as viguesas. Vostedes traballan para o Partido Popular coas directrices que lles marcan.

Pero tamén traballamos como cidade intelixente na Policía Local e por iso temos un proxecto de educación vial, unha campaña preventiva sobre alcol e drogas, controis de velocidade mediante cinemómetros en toda a cidade que fan que se regule o tráfico e que este contamine menos; por iso tamén estamos estudando as redes semaforicas e analizamos novas alternativas de tráfico e de circulación. Seguridade, circulación e transporte son unha prioridade e unha clave importante nunha cidade intelixente.

Por iso tamén estamos nun proxecto que se chama Siscoga promovido pola Dirección Xeral de Tráfico no que Vigo e os seus arredores son o centro de referencia europeo na implantación do sistema ITS. Pero tamén estamos participando no ERTICO que é un proxecto piloto europeo por veren como dinamizar distintos itinerarios. Tamén temos unha oficina de Mobilidade na que buscamos coma obxectivo informar aos usuarios das vantaxes do uso do coche

eléctrico.

Claro que estamos traballando por unha cidade intelixente porque os vigueses son xente intelixente e o goberno desta cidade aposta pola súa intelixencia.

Proxecto SUN, mobilidade urbana sustentable, un proxecto europeo no que tamén participamos. Participamos así mesmo dende o mes de xaneiro do ano 2012 nun proxecto europeo de experiencias piloto que se chama Mobi Europa que rematará en decembro do ano 2014.

Diciános que esta cidade non ten peso. É que vostede non atende aos informativos estatais? O outro día viamos ao alcalde desta cidade como voceiro de todos os concellos de España defendendo as mocións para mellorar a calidade de vida de todos os españois e dos seus concellos. Ese é o peso da cidade porque Vigo e esta Corporación ten a dúas persoas de alto nivel na dirección política do PSOE: Carmela Silva e Abel Caballero, que marcan as directrices do PSOE en España. Vostedes, a cantas persoas teñen nos seus bancos que estean na dirección do Partido Popular de España ou de Galicia? Vostedes o único que fan é engadirse a esas teses de recortes do Partido Popular en España e en Galicia.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Señor Regades, coido que lle imos que ter que explicar unhas cantas cousas que non ten claras, pero primeiro empezarei polo que se falou de I+D+i e polos recortes que se fixeron.

Parece ser que lles temos que lembrar que hai dous meses xa se mantivo un debate sobre ese tema. A Xunta de Galicia co Plan I2C non só mantivo o investimento en I+D+i para Galicia, senón que o aumentou con 1.200 millóns de euros en catro anos, cousa que non aconteceu co goberno bipartito anterior. A realidade é que máis do 40% dese investimento se destina a Vigo, iso é o que está ocorrendo actualmente e é a aposta da Xunta de Galicia pola investigación e o desenvolvemento levada e dirixida tamén dende a Universidade. Coñecen perfectamente o Txacobeo, ese proxecto que catapultou no mapa da innovación aeroespacial a Vigo e á súa universidade. Diso estamos falando.

Sr. Regades, hai uns meses vostede propoñía nun Pleno a redución dos investimentos de I+D+i para Vigo e agora, incapaz de achegar solucións, de innovar, de crear unha achega de valor como dirixente desta cidade, queda de brazos cruzados á espera de que outros realicen o seu labor? Estanos falando de

proxectos por importe de 1,7 millóns de euros cando aquí estamos falando de estratexia, non de cousas concretas; estamos falando dun mapa futuro, de crear cidade, de quince millóns de euros de investimento, quédalle grande isto? Temos que lle explicar como se fai?

Sr. Regades, está falando de coches, de control de tráfico. Como é posible iso co atraso de oito anos no que nos somerxeu o Sr. Zapatero? Como é posible iso cando en países como Francia, Italia, Suíza, Alemaña hai fabulosos sistemas de información que chegan ao GPS dun coche indicando atrancos, as mellores rotas, accidentes... e aquí non teñamos aínda nada diso? Estamos falando de innovación? Estamos reinventando a roda? Por favor, un pouco de sensatez. Invistamos con coherencia.

Sr. Domínguez, alégrame que comente o tema de FAIMEVI porque coido que é un tema coa suficiente importancia para tratar neste Pleno. Que está ocorrendo con FAIMEVI? Teño aquí os estatutos da axencia de enerxía FAIMEVI. Por que a axencia non se está dedicando ao que en principio estaba destinada? Que está ocorrendo? Que proxectos está facendo FAIMEVI nestes momentos? Por que está facendo competencia desleal a empresas do sector? Que está ocorrendo nese sentido, Sr. Domínguez? Poderíamos falar de todo iso.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, instando a incorporación de Concello á rede de cidades intelixentes por medio da participación dun proxecto "*Smart City*", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.- (85).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO CONCELLO A EXECUTAR AS ACOMETIDAS DOS SERVIZOS NECESARIOS PARA O CORRECTO FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA DE VALLADARES. EXPTE. 459/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril, número 459/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“O centro de día de Valladares, con capacidade para atender a 80 novos usuarios, atópase rematado e coa obra recibida dende o ano 2010. Cunha superficie de máis de 1.000 metros cadrados, conta con distintas salas polivalentes, cociña, comedor, sala de usos múltiples, rehabilitación, atención especializada, sala de curas, despachos administrativos para profesionais e outras áreas de servizos xerais. Tamén o seu equipamento e xestión están ultimados. Só resta para que poida entrar en funcionamento a dotación de subministro de luz, auga, teléfono e gas que debe ser realizada por parte do Concello.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten presentado requirimentos ao Concello de Vigo para a realización das obras que a este corresponden, sen que á data de hoxe se iniciasen.

Por todo isto, o grupo municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Concello de Vigo a executar as acometidas de luz, auga, teléfono, gas, así como calquera outra de análoga natureza que sexa imprescindible para o correcto funcionamento ou servizo do Centro de día de Valladares, que deben ser executadas pola administración local en base ao contrato de cesión de parcela.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 23 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. CENDÓN ALONSO: Antes de nada aclararlle ao Sr. Rivas que non é certo o que di. Eu preguntome onde se poden deixar os termómetros de mercurio. O Sr. Rodríguez Escudero poderá dicirlle o nocivo que é o mercurio para a saúde.

Preocupeime de chamar ao Concello e dixéronme que non hai posibilidade, que contacte co Hospital Xeral, iso foi o que me dixeron.

A PRESIDENCIA: Sr. Rivas, garde silencio porque se está dirixindo a vostede directamente e voulle dar unha quenda de réplica á Sra. Cendón.

SRA. CENDÓN ALONSO: Como todos sabemos, a Xunta de Galicia a través do

Consortio de servizos sociais de igualdade e benestar realizou un investimento dun millón e medio de euros na construción dun centro de día nesta cidade, concretamente na parroquia de Valladares. Un centro de día para persoas maiores que permitirá a atención integral de oitenta usuarios todos eles dependentes, co recoñecemento de dependencia realizado con diferente nivel e grao. Neste centro poderíase dar unha atención socio-sanitaria completa en xornada de día, media xornada, por horas para respiro familiar..., proporcionada por profesionais especializados mentres os usuarios manteñen a posibilidade permanecer nas súas casas, durmir nas súas casas coas súas familias que é o que queren os maiores.

O deseño deste centro é impecable. Construíronse dúas plantas con amplas zonas; na planta baixa sitúanse os almacéns e a área de servizos, os vestiarios e a lavandería. Na planta principal, a de acceso directo aos usuarios, sitúanse todas as salas polivalentes: a de rehabilitación, a sala de curas, a cociña, o comedor porque tamén poderán comer alí e os despachos dos profesionais. As instalacións son modernas, axústanse a estándares de aforro enerxético con paneis solares e pavimentos radiantes. Tamén se engadiu na zona exterior un xardín dos denominados xardín terapéutico para maiores ao que poderán acceder os usuarios a través de amplas ventás

O centro está completamente equipado, a adxudicación da xestión do centro e do persoal tamén. A Confederación galega de persoas con discapacidade foi a adxudicataria.

En definitiva, este é un novo recurso para maiores dependentes na parroquia de Valladares en Vigo que permitirá, cando estea en funcionamento, desenvolver a Lei de autonomía e atención á dependencia.

Pero o Concello novamente atrasa a posta en funcionamento. O centro atópase rematado, a obra recibida dende 2010 pero non pode entrar en funcionamento porque novamente nos atopamos con que o Concello non cumpre coas súas obrigas de dotar a unha infraestrutura pública da subministración de luz, auga, teléfono e gas. Isto lémbreme ao tema do hospital, a ver se tamén o traen a Pleno para conseguir bloquealo. Todas estas son obrigas implícitas que van coa cesión da parcela.

Este atraso de máis de dous anos non ten ningunha xustificación e alguén

haberá de explicarlles aos veciños de Valladares, que algún está aquí escoitando, por que non se deu resposta no 2009 cando o Consorcio lle fixo un requirimento a este Concello para iniciar esas obras; ou por que no mes de marzo do 2011 se dixo que as obras se empezaría de inmediato e ao mes seguinte que se comezarían ao outro mes... e así sucesivamente, ata que no mes de febreiro os técnicos deste Concello dixeron que non se consideraba unha obra preferente. Estaban mortos de vergoña e dixéronlles aos técnicos do Consorcio que por favor falaran co Sr. Regades, concelleiro de Fomento, ou co alcalde porque eran os auténticos atrancos deste proxecto. Outra volta atopámonos con que o alcalde de Vigo ten un grave problema coas canalizacións e cos cables.

O principal problema é que se atrasamos a entrada en funcionamento deste recurso perderemos prazas porque a adxudicación tamén se fixo para outros concellos, concellos nos que está funcionando: Cuntis, Vilagarcía e Baiona. Hai un contrato indemnizatorio a Cogami co que ese atraso implica que nós perdamos prazas. Os centros que relatei xa están funcionando con usuarios e cada día ocúpanse con máis usuarios. Mentres nós quedamos sen esas prazas tan necesarias para os maiores de Valladares.

O Grupo municipal do Partido Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do acordo de executar as acometidas de luz, auga, gas e comunicacións sen máis dilacións.

SRA. VELOSO RÍOS: O 27 de novembro de 2010 podíamos ler nos xornais que o PP inauguraba por fin o centro de día de Coia que quedara construído polo goberno do BNG antes das eleccións autonómicas do 2009. Por iso dicían que “por fin” porque quedara construído e aínda non estaba aberto ano e pico despois. Finalmente se abriu. Está claro que o goberno da Xunta é un pouco lento para abrir os centros de día, tanto que dende entón non volveu abrir ningún máis.

Na nosa cidade temos o Centro de Día de Teis, o do edificio Atalaya que xa quedou aberto e funcionando co goberno do BNG na Xunta, este de Coia que se abriu un ano e pico despois de que chegara o goberno do PP á Xunta, estando como estaba completamente construído, e a daquela conselleira, D^a Beatriz Mato, anunciou en novembro de 2010 que nos próximos meses entraría en

funcionamento o centro de día de Valladares. Supoño que daquela sabía perfectamente cal era a situación do centro de día de Valladares e anunciaba que en poucos meses abriría e aínda non está aberto. Por certo, tamén anunciara que se abrirían nos próximos meses tres novas escolas infantís na nosa cidade e coido que de feito máis ca abrir péchanse porque xa está anunciado o peche de dúas.

Alégrome de que lembren agora que as prazas para persoas maiores en centros de día son moi necesarias na nosa cidade e que pidan que o goberno municipal execute as obras que lle corresponden para que esa parcela, que era de propiedade municipal e se cedeu á Xunta para abrir un centro de día, unha galescola e os locais de ensaio de xuventude, o Vigosónico, teña as obras necesarias para desenvolver as actividades destes servizos.

Tamén ten que quedar claro que é certo que xa durante o anterior mandato municipal cónstame que o departamento de Urbanismo lle solicitou ao departamento de Vías e Obras, cuxa titular era a Sra. Abelairas, a realización das obras de urbanización da parcela que o Concello cedeu para a realización da galescola, dos locais de ensaio e do centro de día; que tiñan toda a información sobre os tres proxectos e sobre as necesidades que se precisaban para cubrir o desenvolvemento das actividades destes tres servizos e que non chegou facer estas obras. De feito outros departamentos do Concello fixéronse cargo de obras que non lles correspondían para poder abrir estes servizos.

A diferenza tamén é se queremos chegar constantemente a este Pleno falando de que non se pode abrir o centro de día porque o goberno municipal non fai as obras ou, como a propia Sra. Cendón dixo, falamos do novo hospital, podemos falar da depuradora, da cidade da xustiza, de infinidade de obras necesarias nesta cidade que ao final se converten nun "*pim, pam, pum*" neste Pleno, no Parlamento galego ou onde sexa necesario, utilizando os medios de comunicación para se botar as culpas os uns aos outros.

A realidade é que a Xunta de Galicia non abre centros de día na nosa cidade, que temos un centro de día que é preciso abrir e unhas obras que hai que facer.

Nós imos apoiar que estas obras se fagan. Entendemos que xa dende o primeiro momento estaba na vontade deste Concello desenvolver esas obras e pedimos que as faga dunha vez porque xa vai sendo tempo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sempre que falen do ensino público ou da sanidade pública vou saltar. Non me queda máis remedio porque non se pode consentir que veñan agora falando de ponderación. Tiven que ir ao dicionario por veren a acepción que é recorte. Non é outra cousa.

Seguindo co refrán, Sra. Cendón, se vostede fose á mili, que as mulleres xa están no exército, diríanlle que onde pon “valor se lle supón”, xa non llo porían, daríanllo xa definitivamente.

Non hai ningún convenio asinado, hai asinado un protocolo entre o Consorcio e a alcaldesa no ano 2006. Nese protocolo fálase dun programa de construción, mantemento e xestión de centros de día socio-comunitarios, ademais do mantemento e construción do centro de día Atalaia de Teis, e fálase tamén do programa de construción, mantemento e xestión dun centro de emerxencia social.

Falando eu cos responsables da Consellería, o director xeral non quería escoitar falar do centro de emerxencia social, só quería escoitar falar do centro de día.

Cando falan vostedes de que son os campións do mundo nos servizos socio-comunitarios, que son campións no plan concertado, só lembrarlles que no ano 2009 ese goberno bipartito, que foi quen de construír dous centros de día en Vigo, que foi quen de construír escolas infantís, ese goberno que si se preocupaba, deixou un orzamento de 30.904.114 euros para o plan concertado e para os servizos socio-comunitarios. Saben canto hai agora para os servizos socio-comunitarios? Cero euros e para o Plan concertado 12.460.266 euros.

Vostedes que acaban de deixar sen efecto a Lei de dependencia están falando dos dependentes.

A diferenza do convenio, hai un contrato que firman o Consorcio e o concelleiro Sr. López Font, polo que o Concello de Vigo cede gratuitamente ao Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar o dereito de uso da parcela municipal que está no parque tecnolóxico de Valladares. Fíxense se o Concello de Vigo cumpre ou non.

Como vostede fala de D^a M^a José de CCOO eu pódolle falar do Sr. Cameselle, secretario xeral, que dixo que cando un obreiro ou obreira, funcionario ou funcionaria, director dun banco ou quen sexa compra ou fai unha casa non lle

pide ao Concello que lle leve a auga, a luz..., non lle pide nada, faina, ten que pagar eses servizos. Neste caso o Consorcio ten que pagar eses servizos, tense que facer cargo desa infraestrutura e por iso, Sra. Veloso, no seu momento non se fixo dende Vías e Obras.

O Concello de Vigo si que cumpre cos seus compromisos, atende aos convenios que ten coa Xunta de Galicia. Agora mesmo os convenios que o Concello de Vigo ten asinados coa Xunta de Galicia son nominais e por dez anos como mínimo. Os convenios que asina a Xunta de Galicia co Concello de Vigo a partir de agora son por un ano e non nos din nada. De repente rebáixanlle a asignación a Cedro o 6%, nin preguntan, nin din nada. Maxinen como se pode facer un orzamento cando non se sabe os cartos que se van recibir. Póñolle tamén o exemplo da escola infantil da rúa Palencia: o Concello de Vigo ingresa puntualmente os cartos que veñen dados polo convenio. A Xunta de Galicia no caso de Cedro non di nada, rebaixa un 6% dunha forma unilateral sen preguntar absolutamente nada. Por moito que queiran vestir, cando falen de servizos sociais de verdade que tiñan que se levantar e mostrar un profundo respecto polos que loitamos e pelexamos polos dereitos de todos os cidadáns, non só polos dereitos dos máis ricos, senón polos dereitos de todos.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sra. Abelairas, sorpréndeme o seu descoñecemento administrativo, non agardaba esta resposta. Que me fale de cesión de uso ou cesión de terreo cando estamos falando dunha parcela nun solar municipal, cando mesmo individualmente os servizos lévanse a pé de parcela. A cesión de uso leva implícitos eses servizos.

Hai que buscar colaboración. O anterior xerente do Consorcio, Sr. Pérez Castrillo do BNG, chegou a acordos coa alcaldesa de Vigo e toda a cidade sabe que eses servizos teñen que chegar alí.

O único atraso que se produciu no centro de día de Lavadores é imputable ao Concello. O Concello ten que levar eses servizos. E non só iso, é que hai escritos entre as administracións.

Estoulle dicindo que os técnicos deste Concello dixeron en marzo de 2011 que ían proporcionar os servizos, despois dixeron que en abril, despois que en maio e así sucesivamente ata o mes de febreiro, cando dixeron que isto era un capricho

do Sr. Regades e do alcalde de Vigo que non consideraban preferente as subministracións ao centro de día de Valladares. Vostedes están sacrificando a todos os veciños de Valladares que levan atraso nunha infraestrutura fundamental.

Os centros de Cuntis, Vilagarcía e Baiona están funcionando e os usuarios entran acotío.

Dime que non hai convenio? Sra. Abelairas, está adxudicado a COGAMI, foi unha adxudicación completamente limpa. Lémbrolle que o Concello de Vigo forma parte do Consorcio de igualdade e a adxudicación está feita cunhas garantías de ocupación, de xeito que se non se ocupa en Vigo vaise investir noutras prazas nestes concellos que están funcionando. Nestes momentos xa perdemos prazas, algunha das prazas xa non se vai poder ocupar e todo polo atraso do Concello que se empecina unha vez máis en non cumprir cos compromisos.

Presentamos a moción e tiveron a desvergoña de levar unha escavadora por veren se así calábamos. Nin llo comunicaron ao propio Consorcio, non sabemos o que van facer alí, só se está facendo unha acometida.

Por favor, déannos un prazo definitivo de cando van rematar os servizos que nos fan falla para poñer en funcionamento o centro de día de Valladares, só queremos unha data.

(No momento da votación está ausente o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez. Preside o Pleno a tenente de alcalde Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, **ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, instando ao Concello a execución das acometidas dos servizos necesarios para o correcto funcionamento do Centro de Día de Valladares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

5.-(86).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

- * ROGO FORMULADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO A UN LOCAL PARA OS AFECTADOS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estivemos reunidos coa Plataforma de afectados e afectadas polas participacións preferentes das caixas e comunicáronme a promesa que o alcalde lles fixo para os dotar dun local onde puideran atender aos milleiros de persoas afectadas por este tema.

O meu rogo é que o alcalde cumpra esa promesa, que se poña en contacto coa Plataforma e que lle prepare un local axeitado para cumprir coas súas funcións de información. É un tema importante que afecta a milleiros de familias e, xa que houbo esa promesa, que se cumpra.

A PRESIDENCIA: Sr. Olveira, en resposta ao seu rogo, dicirlle que este Concello xa puxo ao seu dispor o local do Centro Cívico de Teis. Contestáronnos que quedaba lonxe e polo tanto solicitaron outro local que estivese máis céntrico para facilitar que as persoas afectadas puideran reunirse, obter información ou facer as reclamacións oportunas.

Estamos no tema e polo tanto daremos cumprimento ao seu rogo.

- * ROGO FORMULADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, PARA QUE A CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL RECIBA A FAMILIA AFECTADA POR DESAFIUZAMENTO.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Este rogo vai na liña de que efectivamente hoxe aquí están presentes uns afectados polos desafuzamentos.

O BNG presentou xa distintas iniciativas no Parlamento galego, no español e neste mesmo Pleno que se aprobaron por unanimidade para que se solucionaran estes temas dos desafuzamentos e das hipotecas.

O rogo é que a concelleira de Benestar Social reciba de xeito urxente a esta familia e informarlle das posibles liñas de axudas de emerxencia que dende o Concello se poidan establecer para esta situación.

A PRESIDENCIA: No que se refire á situación das persoas afectadas por desafuzamentos derivados da terrible situación económica na que nos atopamos, é certo que vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, presentaron iniciativas diante de todas as administracións. Dende o Partido Socialista tamén coidamos que é unha situación moi grave e por iso e unha vez que remate este Pleno, por suposto que este goberno vai recibir ás persoas que hoxe están aquí presentes para intentar buscar unha solución.

É certo que isto non está nas mans nin é competencia do goberno local, pero tamén é certo que non queda outra que estar ao seu carón e atender a estas persoas. Como tamén é verdade que hai outras administracións, autonómica e estatal, que si teñen na súa man dar unha resposta e dende aquí tamén facemos o rogo para que esta se produza.

- * ROGO FORMULADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO Á INSTALACIÓN DE COLECTORES ACCESIBLES.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Aquí falouse de puntos limpos, de políticas medioambientais. Rogamos que o goberno local contemple nas vindeiras

substitucións dos colectores da nosa cidade a posta en marcha de contedores accesibles porque tamén é unha demanda que vai na liña da igualdade, sobre todo para aquelas persoas con algún tipo de discapacidade.

A PRESIDENCIA: Poñerémolo en coñecemento do responsable do goberno para que teña en conta a súa petición.

6.-(87).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

* PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVA A OBRAS DE SEGURIDADE NA ESTRADA DE FRAGOSELO.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Nos últimos tempos a estrada de Fragoselo viu aumentada a súa intensidade de tráfico. Consecuencia disto e debido á falla de seguridade nesta estrada, o ano pasado déronse dous accidentes de tráfico que por sorte se saldaron sen vítimas graves.

Para evitaren desgracias maiores, preguntamos: en que datas comezarán os labores para a delimitación de zonas de paso para peóns e os traballos para asegurar o control de velocidade?

A PRESIDENCIA: Queda recollida a súa pregunta.

* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVA Á RECOLLIDA DOS TERMÓMETROS DE MERCURIO.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu chamei a este Concello para preguntar onde se podían entregar os termómetros de mercurio que son altamente contaminantes. Aquí me dixeron que non se facía a recollida.

A pregunta é moi sinxela: Sr. Rivas, onde se recollen os termómetros de mercurio

dos usuarios?

SR. RIVAS GONZÁLEZ: A Sra. Abelairas dicía que “o valor na mili se lle suporía”. Hoxe a concelleira, Sra. Cendón, ven de protagonista e polo tanto coido que é moi ousada porque mentiu co hospital, mentiu con Valladares e volve mentir co tema do punto limpo.

Sra. Cendón, por mor da moción que presentou a Sra. Egerique, relatei todo o tipo de residuos que se recollen nesta cidade e como se recollen. Recóllense os residuos sólidos a través dos colectores por toda a cidade, recóllense os voluminosos a domicilio, os RAEs en dous puntos da cidade: Parque central de Lavadores e camiño do Caramuxo; hai máis de 650 illas de reciclaxe por toda a cidade, recóllense as ramas de podas a domicilio, hai recollida dos RCDs e hai un punto na cidade...

Neste intre óense voces de protesta procedentes dos membros do Grupo do Partido Popular pola intervención do Sr. Rivas González.

A PRESIDENCIA: Señores do Partido Popular, a lexitimidade democrática fixo que haxa un goberno municipal que neste momento está presidindo a primeira tenente de alcalde de Vigo que é quen ordena o debate. Polo tanto respecten a democracia. Son eu quen organiza o debate e dinlle tempo ao Sr. Rivas para que responda á pregunta da Sra. Cendón e é iso o que está a ocorrer.

Manteñan o silencio por respecto a este Pleno.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sra. Presidenta, deixe que rían porque se desacreditan eles mesmos, igual que mentiron en toda a sesión plenaria.

Quero deixarlle claro ao Partido Popular o tema do punto limpo porque o descoñece.

Todo residuo que teñan os cidadáns de Vigo poden depositalo nese punto limpo ao que fixen referencia. Díxose que era unha nave provisional e que non tiña as pertinentes autorizacións, pero ese punto limpo conta con todas as autorizacións pertinentes medioambientais citadas expedidas pola Xunta de Galicia, que non por este goberno municipal, para seren punto limpo, por se lles parece pouco.

Xa dixen antes que aí se recollen todo tipo de residuos: vidros, entullos da construción, papel e cartón, envases plásticos, residuos téxtiles, podas, vexetais, madeira, voluminosos, residuos de aparellos metálicos e colchóns, fluorescentes, lámpadas, aceites de motor, baterías e acumuladores, residuos de produtos químicos, residuos de pinturas, vernices, residuos de cociña que aquí se negaba que houbera puntos distribuídos pola cidade cando os hai nos mercados, supermercados ou asociacións veciñais. Quero deixar claro que o ano pasado se recolleron máis de 30.000 litros de aceite que antes se tiraban. Recóllense filtros, absorbentes, electrodomésticos... todo tipo de residuos.

Á Sra. Cendón hai que lle dicir que o termómetro o recollen no mesmo sitio, pero tamén hai que lle dicir que todos os hospitais teñen a obriga de recoller e tratar con xestores autorizados os seus residuos. Iso debeo saber ben a Sra. Cendón porque é galena e no hospital onde traballa hai un xestor autorizado para que lle poidan recoller o termómetro.

Con todo isto quero deixar claro que Vigo é unha cidade limpa, ten un equipo de profesionais importantes e existe punto limpo.

* PREGUNTA FORMULADA POLA SRA. CENDÓN ALONSO, DO GRUPO POPULAR, RELATIVA A UN BAMBÁN PARA DISCAPACITADOS NA PARROQUIA DE BOUZAS.

SRA. CENDÓN ALONSO: Esta é unha pregunta xa reiterada e a Sra. Abelairas coñécea moi ben.

Como saben, eu aplaudo a colocación de bambáns para discapacitados nos parques da cidade, pero xa lle comentei en varias ocasións á Sra. Abelairas que o bambán instalado na parroquia de Bouzas non se pode utilizar polos discapacitados, só se pode utilizar por unha persoa discapacitada á que vostedes lle entregaron os arneses. Sra. Abelairas, vostede comprometeuse comigo a que o resto dos discapacitados da parroquia poderían utilizar ese bambán, pero seguen sen o poder utilizar.

Sra. Abelairas, a miña pregunta é: cando lle van proporcionar os arneses ao resto dos discapacitados? Só se precisa un nun sitio moi concreto: o centro cívico ou a

asociación veciñal. Por favor, dígame unha data na que todos os discapacitados desta cidade e non só un poidan utilizar o bambán.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vou ser breve porque llo dixen en privado e agora voulo dicir en público.

Non vou entrar no debate sobre un acto solidario de poñer un bambán feito dende a sensibilidade de quen traballou e traballa con rapaces con discapacidades. Sabe vostede perfectamente o que alí aconteceu, sabe o que acontece e eu non vou entrar nese debate. Paréceme unha “inmoralidade” aproveitar algo que se fixo dende a sensibilidade do Concello de Vigo. Neste caso estabamos o alcalde e máis eu, foi algo que se fixo fundamentalmente para demostrar que somos todos iguais e que os nenos con dificultades poden estar nun parque público exactamente igual ca os outros. De feito o concelleiro de Parques e Xardíns quitou de alí un bambán “normal” porque había problemas co arnés.

Non vou entrar nese debate. Díxenlle en privado e agora repítolle en público que non vou participar neste debate.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.